

## Éxito da Copa da Raiña de Balonmán no Porriño

**Homenaxe a  
Enrique Peinador  
Lines en Vigo**

Páxina 5

**Semana das  
Ciencias en  
Ponteareas**

Páxina 7

**1ª Andaina e Trail  
Vila de As Neves -  
Marqués de Vizhoja**

Páxina 14

**ACUBAM amosa as  
innovación no sector  
da planta e campo**

Páxina 25



O éxito organizativo e de público na fase final da Copa da Reina de Balonmán Feminino disputada en O Porriño do 15 ao 17 de abril, provocou eloxios do presidente de la Real Federación Española de Balonmán, Francisco V. Blázquez, quen asegurou que "a de 2016 foi unha das mellores Copas da Raiña da historia".

Os equipos da nosa zona, Balonman O Porriño e Atlético Guardés chegaron a semifinais e o Bera-Bera de Donostia alzouse coa victoria final tras derrotar na final ao Prosetecnisa Zuazo

Páxina 16

**Turismo de Galicia promociona en  
Madrid a festa do Corpus Christi de  
Ponteareas e a Ruta da Lamprea**

Páxina 13

**A Xunta elimina unha partida destinada  
a VAC Tui-A Guarda, dos Fondos  
Europeos de Compensación**

Páxina 27



*Latorta auténtica  
siempre  
en la caja roja*

## OFERTA ESPECIAL

# Latorta

## MULTICOLOR



C/ Paseo Matutino, 25 - Ponteareas - 986 18 24 84 - 604 05 39 04 (Susi - Manoli)

 Latorta Café Ponteareas  Parking Gratuito

## OPINIÓ

Cadernos da viaxe

Por: Xoán Antón Pérez-Lema

## Ten solución España?

**R**evélasenos agora que o goberno ZP-PSOE do 2011 quitou Panamá da listaxe de paradísos fiscais por mór de lle garantir ás construtoras do IBEX 35 a adxudicación das obras da Canle de Panamá. Calquera xerente ou directivo dunha mediana empresa galega contaralles o absoluto desleixo co que miran os servizos diplomático e consular españois os seus esforzos de internacionalización. En Madrid os nosos adoitan ser os do palco do Bernabeu. Non por acaso algúns condenaron Anxo Quintana aos leóns por tentar que a enerxía galega aproveitase á cidadanía e aos emprendedores deste País no canto de favoreceren ao capitalismo de amiguetes do IBEX 35 (agás algunha excepción e, moi nomeadamente, Inditex).

Visto o que vimos, miñas donas e meus señores, compre matinar un chisco sobre se a axenda social a executar, as medidas cidadás a desenvolver poden ser enxergadas dende un Centro, Madrid, pexado cos vicios dun inxusto, ineficiente e atrasado sistema de apropiación, contrario ás máis elementais regras da libre concorrència ou dependerán, máis ben, dun proxecto nacional,

semellante ao vasco, escocés ou islandés (con cadanseus 2,1 M, 5,1M e 0,4 M de habitantes). Nós temos 2,7M.

A cuestión non é nin ideolóxica, nin identitaria, nin esencialista. É, totalmente, pragmática e utilitarista. O Estado español está enfeudado nun capitalismo de amiguetes. A Coroa borbónica é a súa Axencia de Comunicación e o PP-PSOE e, agora, C's son os seus valedores partidarios. Compre que no que eles chaman periferias ou provincias vaíamos sendo quen a albiscalo.

Velaí que haberíamos entender a xeito os procesos que agachan conceptos como a "unidade do mercado" ou a "dimensión empresarial". Trátase de que as empresas galegas non poidan gañar a cota de mercado mínima para sobreviviren na concorrència internacional. Trátase de impór as mesmas regras en Getafe, Cartagena ou Betanzos.

Polo de agora e só unha intuición. Mais teño para mín que o cambio político e social na España é ben difícil, con PODEMOS ou sen PODEMOS. E que si son posíbeis as fondas remudas no inmediato. Nos concellos, no Parlamento de Galicia e na Xunta e de aí... para o Norte.

O resultado electoral das estatais do 20-D deu unha combinación clara, atendendo ao aparente programa socialdemócrata do PSOE e á fasquía do seu electorado: tentar un Goberno de progreso con Podemos, IU-Unidad Popular, En Comú-Podem, Compromis-Podem e En Marea. Xuntar ao PNV (clave da maioría simple na segunda votación) e máis obter a ausencia de Esquerra e da Convergència refundada era só unha cuestión de negociación honesta e intensa.

Pedro Sánchez, quen inventou a moi inxeniosa xogada de atar en curto o seu Comité Federal-gobernado pola presidenta andaluza Susana Díaz e polo ex presidente Felipe González e demáis portas xiratorias-, apelando ao plebiscito da súa afiliación, non foi quen de ver máis aló e quixo tranquilizar ao Ibex 35 pactando coa dereita aseada de Albert Rivera. O papeliño que PSOE e C's asinaron era máis ca un canto ao sol. Era a barreira infranqueábel para que as outras forzas progresistas puidesen axudarlle no parto do Goberno de progreso.

Pablo Sánchez non podía, de ningún xeito, mercar ese produto. Mais nel estiveron de máis neste proceso acenos propios dunha inxustificada fachenda. Era evidente que tiña que ser Vicepresidente se saía ese goberno, non o era

que amosase unha actitude autosuficiente que agora está a fanar a súa imaxe. Nin tam pouco que considerase pouco menos ca subordinados aos que só son-e non por vida- socios na estratexia de rexeneración democrática e de visibilización dunha axenda social.

Das resultas deste despropósito-madrileño sainete-Rajoy enfrota unhas máis ca probábeis eleccións no verán coa seguranza dun sólido chan electoral que lle pode dar, canda C's unha maioría non absoluta, mais si abunda. Porque Sánchez semella vai perder a súa oportunidade e o felipismo susanista imporá un goberno de Santa Alianza.

Pensando na Galicia, compre recuperarmos o plan B e mirar polo noso. Catalunya, Euskadi, Nafarroa, o País Valencià ou as Illes seguirán a se gobernar á marxe do diktat das eleccións estatais e cumprir cadanseu proxecto. A alternativa a Feijóo ha de se presentar sólida, plural e digna de confianza. E ollar menos cara ao home do chicho morado e máis cara ás experiencias municipalistas de cambio. Máis, tamén, cara á solvencia do galeguismo canto á gobernanza pragmática e proxecto de País.



Por: Baldomero Iglesias Dobbarrio, Mero.

## Os cazarrecompensas escriben a favor, claro.

**S**on moitos os que andan estes días a tirarlle flores a Inditex. A outros chéiranos pestes o da servil compracencia a unha empresa de "modélica xestión", segundo amosan os multimillonarios beneficios que difunden, os milleiros de postos de traballo, etc. Ninguén fala dos impostos que evitan pagar aquí e prefiren facelo onde se pague menos, da man de obra barata que xeran en países do terceiro mundo, dos postos de traballo que negaron aquí cando afogaron o textil en Galiza, ...nada, diso os grandes xornais e medios non din nada, tampouco os escribidores de louvanzas. Seica sostén 33.000 empregos e activa 7.000 provedores. Seica todo vén daquel home humilde que fabricou batas de boatiné e hoxe, veste e distribúe aos cinco continentes. E segue a medrar, escapando de dar explicacións contaminantes ou medioambientais físicas e humanas. Os países se pegan por el. Ninguén lle esixe investir unha porcentaxe dos seus beneficios en crear máis postos de traballo, ou en dar dignidade aos seus

asalariados, en pagar os delitos que produce no medio ambiente. Pola contra se lle considera todo un ídolo. Anque polo camiño deixara memorias de malos procederes, de afundimento de sectores produtivos humildes e moi básicos que sustentaban a economía de pequenos fogares. Eu tiven varias alumnas que cosían para as súas xestoras -hai tempo- e cobraban xa unha miseria, ...non quero lembrar os céntimos que lles daban as súas subcontratas por coser os puños das camisas, por poñer un exemplo. Eu só calculaba a man deles que tiñan que coser para sacar unha cantidade digna. Era moito tempo, algunha delas págao hoxe con enfermidades que a deixaron case prostrada e sen poder valerse. Pero claro, estas que foron as miñas alumnas esmorecen no esquecemento de todos e tamén daquel que tanto brilla en poder bursátil, capaz de mercar vontades e gobernos enteiros. Aí están tamén os escribidores, dando brillo ao que xa brilla, nun exercicio de recalcitrantes silencios que eles mesmos pretende tapar. Aí están de novo,

tiralevitas e aduladores da inmoralidade, humillando ás vítimas e louvando aos opresores. Ou non é así? Sabemos foron contratados para purgar e desdicir o que todos sabemos, aquilo de que "non hai peor látigo que o que se pon en mans dun escravo". A min, paréceme inmoral a riqueza dun home en tal grao de superlatividade, e peor que tantos corifeos preconicen a súa gloria. Si, xa sabemos que de vez en cando agasalla a Arteixo e á Coruña con migallas dos seus incalculables beneficios, van a obras sociais e humanitarias. Pero, dado o enorme beneficio, a min non me chega. Gaña el máis que o que necesitarían todos os parados que temos para ter un posto digno de traballo ben remunerado. Onde están logo os logros humanos? Quen nos trouxo a esta desigualdade asasina? Onde están e quen lles pide contas a tantos xestores malignos que nos traen a este estado inhumano. Empezamos a crer que todo canto se di nos medios de información é mentira. Manexos de ocultamento e de silencio pactado. Poucas iniciativas volve-

ron recontar a verdadeira historia dos xigantes. Aínda non se lles deixou falar a tantas perxudicadas, pero pouco tardaron os paxarons carroñeiros en botarse enriba, a ver se cae algún beneficio da barriga farta. Terán padriño, pero o reparto da riqueza seguirá a ser inxusto. O maior drama humano xamais visto, procede desta derrota, do mal que se reparte todo, mesmo a xustiza. Porque por se non o saben, detrás da xustiza tamén hai vida, moita vida, chea de silencios que ninguén quere escoitar. Non hai reparto primario nos salarios dos traballadores, levados a precariado. Os impostos están desprazados cara ao beneficio dos empresarios e señores máis ricos. A redistribución vai en contra dos asalariados, que somos todos. Esta mala distribución produce moita pobreza, soidade, tristura. Con este sistema fiscal, non progresivo, pagan máis os que menos teñen e o gasto público se debilita diante dos retos de sanidade, educación, prestacións e dependencias de atención social. O enfado é xeralizado e nesta perda, sempre gañan os que menos o merecen.



Por: Guillermo Rodríguez

Director



## Daqui, dalí e dacolá

Vivimos tempos complicados. Á falta de recursos súmase a falta de ideais. Convén, sen embargo, botar unha ollada cara atrás. Dise que os pobos que esquecen o seu pasado corren o risco de repetir os erros anterior. Nós non somos tan rotundos, pero si cremos que vivimos tempos de remuda. Non imos repetir o pasado senon que imos cara a un futuro incerto. Cincuenta anos atrás sería máis fácil prever como se sucederían os acontecementos. Hoxe iso é impredecible.

Foi Marx quen anunciou que o capitalismo levaba nas súas entrañas un virus que provocaría a súa propia destrución. Tamén estaba convencido de que sería a burguesía quen rematara co feudalismo existente daquela e daría ao proletariado forza suficiente para liberarse do xugo da súa escravitude. Claro que por aquelas datas os ideólogos crían a macha martillo na racionalidade, no coñecemento científico como instrumento emancipador.

As cousas non foron exactamente así, aínda que o vello ideólogo socialista non ía moi desatinado. Hoxe non podemos confiar na evolución dos acontecementos e mesmo determinar a súa dirección. Estabamos habituados a un evoluir da historia que nós mesmos podíamos facer cambiar de carril. Está claro que non é así. A sociedade actual dotouse das súas propias forzas internas que van marcando camiños atya fai apenas unha ducia de anos descoñecidos. A información pasou das mans duns cantos privilexiados donos dos medios de comunicación a un mundo sideral que ninguén está en condicións de controlar. Mellor. O mundo enteiro bateuse en retirada. Soamente confía en poder defenderse a posteriore dos efectos deste terremoto de internet que domina o mundo e xa non hai maneira de paralo. O Gran Hermano que a literatura nos mostrou como froito dunha imaxinación desbordante xa forma parte das nosas vidas. Xa está aquí, e ven para quedarse.

España, o Estado Español, Galicia, viven momentos de incertidume social e política. Os vellos clichés de que se non gobernaba a dereita faríao a esquerda foron, como dirían os nosos amigos portugueses, ultra-

pasados. O problema é que, remedando ao filósofo, o novo está pedindo paso pero o vello non acaba de morrer. Así asistimos a un sainete no que os actores seguen un guión que vai cambiando segundo as circunstancias do momento. Os chamados de esquerda están atenazados pola súa inmadurez propia da falta de rodaxe nesta sociedade corrupta, insolidaria e vergonzante. Os chamados de dereita, aínda que sexa bip, seguen crendo que non

*Hoxe non se é ninguén se non se ten unha conta nun deses paradisos fiscais.*

se pode abanear moito a árbore porque pode cair toda a froita que ata agora eles cuidaban. Así, asistim os a esta peza teatral chamada a rematar a función sen baixar o telón, véndose na obriga de acudir as musas que dicía Lope de Vega, por se en horas 24 baixan ata o teatro.

Neste totus revolutum atopámonos, por exemplo en Galicia, cun panorama esperpéntico. Todos din amar a súa Terra, estar dispostos a loitar por ela, pero non son quen de decatarse de que a loita pola identidade xa non está no escanario do século pasado. Hoxe o que os amantes da súa Terra queremos é que, sen apartala ao faiado, atopemos solución máis primarias: rematar coa miseria de miles de familias, dotarnos dun estado do benestar que non estea en perigo constante, asentar e afianzar o noso modelo educativo, que non sexa moeda de cambio cada dous por tres, unha sanidade que sane e quem non teñamos que levar diante da xustiza aos responsables por deixar tirados aos doentes porquer resultaban caros para o sistema, etc.

Cecais para todo isto sexa preciso, apartar momentaneamente, esas liñas roxas de “por isto non paso aínda que morra no intento”. Ese numantínismo resulta un tanto infantiloiado e impropio de persoas que, aparentemente, deberan estar dotadas dun criterio máis racional (lembramos aos ve-

llos ideólogos do socialismo europeo), dunha certa capacidade de adaptación á realidade. Non facelo así só pode significar que poden presumir de ser cabeza de rato, pero non comerse un roscó, neste banquete ao que temos a obriga de convidar aos nosos veciños/as porque teñen dereito a unha vida mellor e non queren saber se esa milloría ven das mans “dos defensores das esencia patrias” ou de quen ven; o que lles interesa é que os dedicados a “res pública” teñan a cabeza sobre os ombreiros e lle sirva para algo máis que para levar un sombreiro.

E non queremos rematar estas nosas elucubracións sen lembrarnos de Panamá. Curioso país que poucos serían quen de situalo sobre un mapa e que nos últimos tempos aparécenos ata na sopa. Hoxe non se é ninguén se non se ten unha conta nun deses paradisos fiscais. Os nosos máis conspicuos representantes do mundo da política e dos negocios sinálanos o camiño a seguir. Din que todo é legal; cecais non é moral, pero ¿Qué é iso da moral, se

*Unha disputa de novos galos pretenden facerse respectar e presentarse coma os mellor acaídos para defender o País.*

ata os banqueiros do Vaticano teñen habitación reservada neses países ceibes de todo, ata de leis?

O gobernó, en función (e leva así xa unha tempada larga) non sabe que facer. Mete no trullo a Mario Conde pero trata con mimo a Pujol; un ministro sáelle rá e unha senadora, a que dotaron dunha corsé anti-xulgados, perde a memoria; o Rato saíulles escurridizo e entre e sae dos xulgados como Perico pola súa casa. En fin, unha desfeita que non saben como amañar.

Pero como a dereita segue pensando que son eles e ninguén máis quen ten a chave da gobernabilidade, que os chamados populistas (ou sexa os que teñen o mandato do pobo, segundo eles, errado) non están preparados para facerse cargo do país, nin sequera se peitean como Deus manda, o Xefe do Clan mantense ergueito e rufo; non hai dentro do partido quen lle tusa; non vaia a ser que os deuses do Olympo lle sexan benévolos e repita cunha maioría suficiente para que ninguén lle dispute o posto que conseguiu con moito esforzo.

Así están as cousas. Seguramente imos ser chamados as urnas en poucos días. Aparecerán culpables e inocentes. Unha campaña electoral é algo así como unhas oposición nas que hai unha pírrica cantidade de prazas e milleiros de opositores. Cada quen trata de vender o seu pescado pero será o pobo quen, facendo uso da súa liberdade e do seu dereito ao voto, poña a cada un no seu sitio.

En Galicia temos ao galiñeiro revoltoso. Unha disputa de novos galos pretenden facerse respectar e presentarse coma os mellor acaídos para defender o País. Nas pasadas eleccións o pobo decidiu “marearse” e saiu ben parado. Nesta nova oportunidade hai dúbidas de se un novo mareo será o mellor ou cecais probas novas menciñas. Meu pai dicíame, rapaz os experimentos fanse con gaseosa, porque o champán é moi caro.

Esperamos que non haxa moitos aficionados a novos experimentos porque, como di o refrán, máis vale malo coñecido que bo por coñecer. Ademais o mareo creo que nos sentou ben. Por que non repetir?

Vostedes teñen a palabra; e usó lles pido que fagan un uso axeitado do seu poder de elección. Os amigos son para moitas cousas, perro cando se trata de mellorar a nosa vida e a dos nosos amigos e veciños temos que ser esixentes con nós mesmos.

Saúde e a ver se acertamos coa elección



**Director:** Guillermo Rodríguez Fdez.  
T.658 58 50 49  
guillermo@novasdoeixoatlantico.com

**Tradución e corrección:** Montserrat Rodríguez  
cursoseshpanhol.cep@gmail.com

**Edita:** Editorial NOVAS DO EIXO ATLÁNTICO S.L.  
Avda. Sarmiento Rivera, 4-4ºD  
(36860 PONTEAREAS - GALIZA)  
T. 986 64 12 69  
redaccion@novasdoeixoatlantico.com

**Imprime:** Publicaciones Tameiga S.L.  
**Publicidade:** Dpto. propio e axencias  
publicidade@novasdoeixoatlantico.com

**Deseño e maquetación:** Fran Eiró

**Colaboradores:** Rocio Pereira Luzro81@hotmail.com, Anxo S. Porto Ucha, Raquel, Carlos Méixome, Vázquez, Viale Moutinho, Manuel X. Xiraldez, Fco. Puñal Suárez, Manuel Rodríguez Alonso, Xulián Maure, Uxío Breogán, X.A. Pérez Lema, Xosé González Martínez, Manuel Bragado, Baldomero Iglésias (Mero), Nicolás Xamardo, Luís Martínez Risco, Fco. Peña Castiñeira, Nemesio Barxa, Andrea Goro, Anxo Mena, Inma Otero Varela, Manso Preto, Isabel Varela, Francisco Álvarez-KOKI.

**Depósito legal:** VG 40-2016

## VIGO

## VIGO

## O comercio de Vigo estuda co Concello a liberación de horarios

**A declaración da cidade como zona de grande afluencia turística, ao ter superado o ano pasado as 600.000 pernoctacións, obriga segundo un decreto lei do Goberno Central a acoutar zonas e horarios de apertura porque, de non facelo, todos os comercios poderían abrir as 24 horas do día os 365 días do ano.**

Os comerciantes vigueses viven con preocupación a aplicación do Decreto Lei 8/2014 do 4 de xullo que permite aos establecementos das cidades consideradas de grande afluencia turística a apertura as 24 horas do

día os 365 días do ano, algo que prexudicaría notablemente, segundo estiman, ao pequeno comercio. Vigo superou o ano 2015 as 600.000 pernoctacións polo que pasa a formar parte das denominadas cidades de grande afluencia

turísticas nas que se aplica este cambio normativo.

Coa intención de chegar a un acordo cos representantes do sector, o Concello abriu un período de negociacións no que poder determinar que medidas

beneficiarían aos pequenos e medianos comercios. O goberno local ten a capacidade de establecer áreas nas que se pode aplicar a liberación de horarios e, os primeiros encontros, parecen apuntar ao Casco Vello e ao centro da urbe, o coñecido como Ensanche, que son as zonas que máis afectan ao fluxo de turistas, quedando exentos barrios como O Calvario, As Travesas, Teis e outras zonas nas que tamén existe unha actividade comercial intensa. Con todo, ambas partes seguen analizando os condicionantes desta decisión, que debe ser tomada e comunicada á Xunta de Galicia antes do 22 de xullo deste ano 2016 porque, en caso contrario, calquera comercio olívico podería abrir todos os días do ano durante as 24 horas.

O pequeno e mediano comercio de Vigo rexeita a aplicación xeralizada da apertura dominical porque os deixa en desvantaxe

respecto ás grandes superficies coas que non poden competir. Por iso, queren recortar o máximo posible as zonas de aplicación da liberdade horaria e propoñen que se limite aos domingos, malia seren conscientes da obriga que teñen de cumprir co recollido na lei. Con todo, tamén se perciben opinións diverxentes entre os representantes do comercio vigués, entre os do centro e os situados nas aforas, que viven con distinta preocupación os efectos deste cambio nas aperturas. Algúns avogan por limitalas aos domingos que coinciden coa chegada de trasatlánticos ao porto ou mesmo deixalas reducidas aos meses de verán; xullo, agosto e setembro, por seren os períodos de maior afluencia de visitantes e turistas na cidade. As diferentes posturas serán postas sobre a mesa nas xuntanzas previstas para estas próximas xornadas entre o comercio e o goberno municipal.



## Oviravai presenta en Vigo o seu álbum “As andanzas de Paio”

**Nun concerto pensado para as nenas e os nenos que teñen vocación viaxeira, o Auditorio do Concello acolleu o sábado 16 de abril o concerto de presentación do primeiro libro-disco do grupo vigués Oviravai.**

As andanzas de Paio é o título do álbum que está a presentar o grupo Oviravai por diferentes escenarios galegos cun espectáculo pensado para o público infantil, especialmente, para aquelas nenas e nenos con vocación viaxeira.

O protagonista da historia é Paio, un teixugo viaxeiro que percorre medio mundo vivindo aventuras emocionantes que conseguen implicar aos espectadores e manter a súa atención, tal e como aconteceu na sesión ofrecida este sábado 16 de abril no Auditorio Municipal de Vigo. Previamente, o concerto conseguiu colgar o cartel de “aforo completo” no espectáculo ofrecido en Ourense, horas antes de que abrisen as portas do teatro. Oviravai está percorrendo escenarios e lugares tan remotos

como Madagascar, Canadá, China ou o mesmo fondo do océano, onde Paio foi quen se coñecer a unha morea de novos amigos. Pero debe regresar á granxa na que vive habitualmente, na súa teixugueira, dende a que lles conta e canta a todos os animais as peripecias que vén de experimentar na súa particular andaina.

O libro-disco As andanzas de Paio inclúe ademais un conto que acompaña os temas musicais, cunha clara vocación instrutiva. Complétase esta faceta coa incorporación dunha Paio-pedia final, na que se desenvolven algúns dos termos e conceptos tratados ao longo do libro para contribuír á súa aprendizaxe por parte dos espectadores infantís, que son os auténticos protagonistas do



concerto.

O grupo Oviravai, de recente creación, é o responsable deste novo álbum no que se fusionan

diferentes ritmos e estilos musicais. Verónica Santalices e Federico Welicki, integrantes da banda, son os autores das letras

e músicas de As andanzas de Paio, un libro-disco ategado de sorpresas e descubrimentos para cativos e cativas da casa.

# Homenaxe a Enrique Peinador Lines en Vigo

**0 día 5 de maio inaugúrase unha estatua e preséntase unha biografía**

O Foro Enrique Peinador celebra, como cada ano, o Día da Galeguidade Empresarial dedicando a presente edición a Enrique Peinador Lines. A homenaxe inclúe a edición da biografía escrita por Ricardo Gurriarán e a colocación dunha es-

tatua súa, obra do escultor José Molares, que será instalada nas inmediacións da Escola de Estudos Empresariais de Vigo, ubicación natural para que os alumnos do centro estuden e imiten o seu exemplo de bo xestor empresarial e galeguista.

O acto de inauguración do monumento a Enrique Peinador Lines terá lugar nos xardíns da Escola de Empresariais, na rúa Torrecedeira de Vigo, o 5 de maio ás doce do mediodía e a presentación da biografía no salón de actos da escola.

## Enrique Peinador, a reconstrucción dunha biografía

por Xosé González Martínez, Presidente do Foro E. Peinador

Enrique Peinador Lines xa ten biografía. Escribíuna o historiador Ricardo Gurriarán logo dunha laboriosísima investigación. Pouco se tiña escrito sobre unha personalidade tan relevante da economía e política galega do primeiro terzo do século pasado. Reconstruír a súa memoria foi un dos obxectivos do Foro E. Peinador.

De Enrique Peinador Lines coñecemos as súas acertadas xestións empresariais ao fronte do Balneario de Mondariz das que dan conta dúas documentadas teses doutorais. Estes estudos académicos infórmanos da importancia das súas instalacións e a completísima oferta para unha clientela selecta e esixente procedente de aquén alén das nosas fronteiras. Sabemos tamén que na embotelladora de Mondariz embotellábanse dez mil envases de auga mineral diarios con destino a moitos países latinoamericanos e europeos, lugares de procedencia de moitos dos hóspedes das instalacións balnearias.

Enrique Peinador tivo un papel sobranceiro na construción das Irmandades da Fala e en todas as iniciativas culturais e políticas

dese período tan importante para Galicia. Foron tantas que, en certa ocasión, cando llas relatei a un coñecido empresario pouco afecto á causa galega, díxome que tal personaxe era unha invención miña. Claro que existiu!, e nós, -díxenlle- ímos reconstruír a súa biografía inxustamente agochada por causas inxustificables.

Como dirixente do Consello Executivo do Partido Galeguista viaxou a Madrid para entrevistarse con Portela Valladares, que entón era ministro de Gobernación, para interceder por Castela e Bóveda que foran sancionados con cadansúa pena de desterro polo goberno de Lerroux. Nesa mesma viaxe a Madrid, acompañado por Alexandre Bóveda, mantivo unha xuntanza na casa de Azaña para falar do Estatuto de Autonomía e establecer un pacto para a súa materialización plebiscitaria cos dirixentes de Izquierda Republicana. En 1935, como delegado do Partido Galeguista, visita no cárcere Modelo de Madrid ao presidente da Generalitat, Lluís Companys, para amosarlle a súa

solidariedade e a do Partido Galeguista. Participou na constitución de Galeuzca, unha organización que garantía o compromiso do apoio mútuo no servizo dos ideais comúns, que se materializou por mor dun conflito de competencias entre o goberno central e a Generalitat. Importante tamén foi a súa participación no Pacto/Manifesto de Barrantes celebrado o 25 de setembro de 1930, que foi a resposta para neutralizar o outro celebrado en Lestrobe.

Na orde cultural salientamos os seus apoios á Real Academia Galega, Seminario de Estudos Galegos e á revista "Nós", que deste xeito puido ter continuidade en xullo do ano 1925 despois de dous anos de interrupción por falta de medios económicos, como o acredita Vicente Risco nunha carta agora recuperada. A el débese o primeiro museo etnográfico de Galicia localizado na finca de Pías; a edición de libros en galego e as chamadas "festas galegas" que se celebraban para deleite dos hóspedes, nun intento pedagóxico de universalizar a nosa



cultura e lingua.

Por iniciativa súa, Mondariz tivo varias agrupacións musicais -coros, grupos de gaitas e banda de música- e un grupo de declamación, que representaba obras de teatro en lingua galega; todas elas integradas por traballadores do Balneario. Na súa imprenta editáronse libros e as dúas publicación periódicas, "Mondariz" e "La Temporada", nas que se mesturaban as colaboracións científicas coa divulgación do patrimonio cultural da comarca e de Galicia.

Orixinais foron os seus convenios coa Facultade de Medicina da USC para crear áreas de investigación hidrolóxica ou o proxecto da chamada Casa de

América en Mondariz, que servise de centro de comunicación constante coa emigración de Latinoamérica. El e seu pai foron os deseñadores da vertebración da gran área metropolitana de Vigo coa creación da empresa de tranvía que uniría Vigo con Mondariz.

O Foro E. Peinador dedícalle este ano o Día da Galeguidade Empresarial, que inclúe a edición da devandita biografía e a colocación dunha estatua súa, obra do escultor José Molares, que será instalada nas inmediacións da Escola de Empresarias de Vigo, ubicación natural para que os alumnos do centro estuden e imiten o seu exemplo de bo xestor empresarial e galeguista.

**BODEGUILLA**  
**TAPERIA**  
**BERCEO**  
 Rosalía de Castro, 6  
 PONTEAREAS

**PULPERIA**  
  
**Teléf. 986 660 826**

Jurídica | Fiscal | Laboral-Social  
 Mercantil | Contable

  
**ASER GALICIA**

ASER GALICIA  
 C/ Redondela 11, Bajo 36600 Ponteareas (Pontevedra)  
 Tel. 986 640 015 - Fax. 986 641 571 - aser@asergalicia.com

C/ Curros Enríquez 8, 36300 Sanxenxo de Miño (Pontevedra)  
 Tel. 986 664 292 - Fax. 986 664 236 - sanxenxo@asergalicia.com

## REDONDELA/ÁREA METROPOLITANA

## REDONDELA

## A Asociación de Empresarios pon en marcha a 5ª Ruta do Pincho de Redondela

Como novidade, a clientela poderá valorar e acceder a toda a información sobre os pinchos a través dunha App (Quedamos de tapas)

Do 14 ao 24 de abril, trinta e dúas propostas gastronómicas danse cita nesta quinta edición da Ruta do Pincho da man doutros tantos establecementos hostaleiros espaxados pola xeografía do municipio. Dende o casco urbano de Redondela, pasando polo centro de Chapela, descubriendo as Praias de Cesantes e Area Longa, nas máis acolledoras contornas rurais poderás degustar os sabores da nosa terra e do noso mar en pequenas porcións que farán espertar todos os sentidos.

Os mellores pinchos da Hostalaría do Concello de Redondela presentase para ser degustados xunto cunha coidada selección de viños da Bodegas Altos de Taron, Regina Viarum e Herencia de Juan Alcorta a un prezo único de 2,75€.

A clientela poderá puntuar todos os pinchos e ademais participar no sorteo de relaxantes e saborosos premios. Todas as tarxetas de puntuación serán válidas para a puntuación dos pinchos e so serán necesarios seis selos parti-



cipar no sorteo, e dicir, que se reduce o prezo respecto ás pasadas edicións.

Grazas ás valoracións da clientela os hostaleiros tamén verán recompensado o seu bo facer na cociña con un premio outorgado polas adegas colaboradoras.

### Premios para o público da 5ª Ruta do Pincho:

- 1º Noite para dúas persoas no Hotel Balneario Augas Santas + Ruta Termal + Visita á adega Regina Viarum con degustación de viño.
- 2º Comida para dúas persoas nun dos locais participantes da ruta que elixa o premiado + Botella de viño.
- 3º Dous pases para Circuito Termal completo no Talaso de Baiona (de luns a sábado).

## Mostra "Jean de Brunhoff e Babar" no multiusos

A exposición bibliográfica "O libro ilustrado: imaxes que contan" organizada pola Fundación Filomena Rivero Alonso e as Bibliotecas Municipais de Redondela, continúa o seu percorrido polos grandes nomes da ilustración dedicando o mes de abril e maio a Jean de Brunhoff creador dos álbums do elefante Babar serie coa que naceu o álbum ilustrado para nenos.

A mostra "Jean de Brunhoff e Babar" estenderase ata o 31 de maio en que dará paso a un novo artista e pode ser visitada na entrada do Multiusos da Xunqueira no horario de apertura do mesmo.

A fundación Filomena Rivero pon a disposición dos centros educativos algúns dos títulos da serie para ser traballados na aula.

Así mesmo, aínda se pode visitar ao longo de todo este mes de abril, dedicado dun xeito especial ao libro, a exposición Tes máis conto que Calleja! no espazo Sitio distinto: xanela cultural do Multiusos da Xunqueira, que se estrea como tal con esta mostra que está dedicada ao editor Saturnino Calleja polo centenario do seu pasamento.

## METROPOLITANA

## O alcalde de Vigo apoia a "eventual integración" de Ponte Caldelas na Área Metropolitana



O rexedor vigués recibiu este venres ao seu homólogo de Ponte Caldelas, Andrés Díaz Sobral, para abordar a relación entre os dous municipios e a posible incorporación deste último ao entre supramunicipal, unha solicitude que, de producirse, apoiará Abel Caballero porque "socioloxicamente Ponte Caldelas forma parte da área de Vigo e será moi bo" para ambos.

A xuntanza mantida este venres entre o alcalde olívico e o de Ponte Caldelas, Andrés Díaz Sobral, serviu para tratar a relación entre os dous municipios e a "eventual integración" deste último na Área Metropolitana de Vigo, unha posibilidade que Ca-

ballero "apoia" porque ten un "grande interese e será moi boa" para ambos.

O rexedor vigués destacou a relación entre os dous municipios polo movemento de persoas que se desprazan a Vigo para traballar, polo que sinalou que "socioloxicamente Ponte Caldelas forma parte da área viguesa", estando situado na conca hidrográfica que dá auga a Vigo e a comarca. Así, no caso de que solicite a súa incorporación á Área Metropolitana "apoiareino e propoñerei a súa inclusión na ampliación do ente que se fará de forma inmediata, unha vez que se reforme a Lei e que se constitúa".

## PONTEAREAS

# Do 18 ao 23 de abril, semana das ciencias en Ponteareas

**Josefa Salgado, Directora do Departamento de Física Aplicada da USC, será a encargada de abrir un evento que aspira a consolidarse como un referente no eido da divulgación científica en Galicia**

O Concello de Ponteareas será o punto de encontro de diferentes investigadores e colectivos científicos entre os días 18 e 23 de abril. A concellería de Ensino, xestionada por Cristina Fernández, organiza un evento que conta con web propia (<http://semanadasciencias.ponteareas.gal/>) e que divulgará coñecemento científico en diferentes áreas durante toda unha semana: a primeira edición da Semana das Ciencias.

Fernández define a cita como unha “excelente oportunidade de fomentar o interese polas distintas áreas científicas entre o alumnado de Ponteareas e difundir estas áreas de coñecemento entre a cidadanía da nosa vila, incentivando a súa participación nas cuestións científicas”, ao mesmo tempo que salienta “a absoluta implicación de todo o profesorado dos centros escolares do Concello, sen o que non tería sido posible deseñar un acontecemento desta magnitude”.

A Semana das Ciencias pivotará en torno a 5 conferencias impartidas por recoñecidos investigadores de distintos eidos no Auditorio “Reveriano Soutullo”, as cales serán abertas ao público en xeral e recomendadas para o

alumnado de Bacharelato, que accederá en breve á súa etapa universitaria.

O 18 de abril, a partir das 19:30 horas, a doutora en Física e directora do Departamento de Física Aplicada na USC, Josefa Salgado, presentará a exposición “A outra metade da Física Aplicada en Galicia: o papel das físicas galegas do século XXI”.

O martes 19 de abril, a partir das 17:00 horas, o Doutor en Física e Profesor do Departamento de Física Aplicada na ETSE de Minas da Universidade de Vigo, José Benito Vázquez, impartirá a conferencia que leva por título “A interferencia luminosa: cando a

luz interacciona coa luz nunha pompa de xabón ou na detección de ondas de gravitación”.

Tamén o mesmo 19 de abril, dende as 19:30 horas, as investigadoras ponteareás do Centro Superior de Investigacións Científicas (CSIC), Mónica Carrera e Laura Cal, serán as encargadas de ofrecer a charla “Ciencia e medio mariño”.

O mércores 20 de abril, a partir das 19:30 horas, o Doutor en Matemáticas e Profesor titular no Departamento de Matemática Aplicada II na Universidade de Vigo, Iván Area Carracedo, presentará a exposición “Matemática das epidemias: Ébola e Zika”.

Xa o xoves 21 de abril, dende as 19:00 horas, o Doutor en Medicina e Catedrático de Medicina Legal da USC, Ángel Carracedo Álvarez, impartirá a conferencia “Bases xenéticas das enfermidades”.

Ademais, durante esa semana, e tamén no Auditorio Reveriano

**Seis recoñecidos investigadores ofrecerán conferencias no auditorio Reveriano Soutullo**



Josefa Salgado



J. Benito Vázquez



Mónica Carrera



Iván Area Carracedo



Ángel Carracedo



Laura Cal Delgado



Soutullo, habilitarase o Museo Científico “Ciencia en Movemento” dirixido ao todos os alumnos de 4º ESO e 6º de Educación Primaria de todos os centros escolares de Ponteareas. O Museo estará instalado dende o 18 ata o 22 de abril e este último día estará aberto, asemade, para o público en xeral, de maneira gratuíta, en horario de 17:00 a 20:00 horas, previa inscrición no Auditorio.

A interacción dos centros escolares co resto da cidadanía poderase visualizar o venres 22 de abril, en horario de 17:00 a 20:00 horas, nas rúas Morales Hidalgo e Estrada, onde se situarán os

Stands dos Pequenos Investigadores. Diferentes postos nos que alumnado e profesorado exporán inventos, proxectos e investigacións de diferente índole, nas que o público poderá observar, manipular ou interactuar en cada un deles.

Por último, o sábado 23 de abril, o Punto Científico – Ciencia na Rúa, promovido pola Asociación DivulgAcción, instalará a partir das 12:00 horas un punto nos Xardíns da Xiralda, diante da Casa do Concello, no que será posible informarse máis acerca de cuestións como a enerxía nuclear, a nanotecnoloxía ou a relatividade visual, entre outras.

## Día da árbore no CEIP Fermín Bouza Brey

O pasado venres 8 de abril, o alumnado do CEIP Fermín Bouza Brey de Ponteareas celebrou o Día da Árbore plantando unha por curso nos xardíns do centro.

Este evento, organizado pola ANPA Tea, contou coa colaboración do Servizo Forestal do Condado - Paradanta, que acudiu a ensinalles ás rapazas e rapaces da escola como se planta unha árbore e darlles unha charla sobre o entorno e como coidalo.

A directiva da ANPA, mercou sete árbores -unha por cada curso de primaria máis outra para educación infantil- que tiñan que cumprir algunhas das seguintes características: ser unha árbore autóctona, froiteira e dar o froito

durante a tempada escolar. Estas condicións son necesarias para que a rapazada non se quede só na plantación, senón que tamén poida seguir os pasos do crecemento da súa árbore a medida que van estudando na aula o proceso, e por suposto, que recollan e saboreen o froito do que coidaron. Así, os cativos e cativas de educación infantil posúen xa unha arandeira, o alumnado de primeiro ten un mandarineiro, o de segundo unha ameixeira, o de terceiro unha amendeira, o de cuarto unha maceira Urraca, o de quinto unha maceira Tabardilla e o de sexto unha pereira común. Logo da plantación, cada grupo gozou dunha interesante charla sobre os nosos bosques adaptada

a cada marxe de idade.

Hai que ter en conta que cada grupo conta cun número de entre 55 e 88 alumnos/as, co que resulta complicado organizar calquera actividade neste centro, pero contamos cun alumnado que se comporta de xeito inmejorable e iso facilita moito esta labor. Por este motivo -o elevado número de alumnado- e porque contamos cun espazo limitado, soamente contamos cunha árbore por curso.

A ANPA Tea agradece a colaboración de Fontán Plant de Covelo, que asesorounos e regalounos unha das árbores; ao Distrito Forestal XVII e máis concretamente a Pablo, Rafa, Berto e Mario, que gañáronse á rapazada ensinándo-



lles a plantalas, e a José e Laura pola interesante charla; e ao profesorado do centro por estar sem-

pre disposto a participar destas actividades.

## CONDADO/PARADANTA

## PONTEAREAS

# Roi Groba será o pregoeiro do Corpus 2016

A Xunta de Goberno Local aprobou por unanimidade a designación de Roi Groba como pregoeiro das Festas do Corpus Christi 2016 en Ponteareas. O xornalista ponteareán de 35 anos, actualmente presentador da sección deportiva nos informativos matinais de RTVE, conta xa cunha longa traxectoria na radio televisión pública estatal. Un “comunicador con moito talento, novo e con formidable proxección dentro dunha das canles televisivas de referencia no eido internacional, que de seguro nos axudará a seguir levando o Corpus a aqueles lugares onde aínda non sexa tan coñecido”, asegurou o alcalde, Xosé Represas.

Licenciado en Xornalismo pola Universidade Complutense de Madrid no ano 2001, empezou a traballar dende antes de rematar a carreira, xa no terceiro curso, con pequenas colaboracións (Radio Complutense, Diario Ya), ata que entrou en Radio Intereconomía, como redactor de informativos. Da radio cambou á televisión, onde presentou programas bolsistas así como informativos financeiros e económicos. Ao longo neses anos



tamén fixo colaboracións coa Televisión de Galicia como guionista e locutor do programa “Economía Útil”.

No ano 2008 aprobou as oposicións a RTVE, obtendo praza en Radio Nacional de España e en Televisión Española. O seu primeiro ano na Corporación traballou en RNE-Toledo, onde editou e presentou o Informativo Rexional para Castela-A Mancha. En 2009 pasou ao Centro Territorial de TVE en Castela-A Mancha, onde traballou como redactor dos servizos informativos de TVE ata o ano 2011.

Coa posta en marcha do novo programa de TVE “+Gente” entrou a formar parte da redacción de Prado do Rei, en Madrid. Primeiro, en 2011 como redactor, e en 2012, coa renovación do espazo, como presentador do programa xunto a Anne Igartiburu, na que sería a súa “experiencia profesional máis importante, esixente e apaixonante”, recoñece Groba.

Un ano despois deu o salto á redacción de informativos de Torrespaña, como editor e presentador da sección de deportes do Telediario Matinal (de luns a venres, de 6’30 a

8’30h), cunha pequena intervención diaria tamén nos “Desayunos de TVE”, resumindo a actualidade deportiva do día. Nese cometido cumpre actualmente a súa terceira tempada.

Vínculo con Ponteareas

O seu vínculo con Ponteareas vén “polo sangue e polo sentimental”; toda a miña familia provén da Vila do Corpus”, afirma o xornalista. O seu pai –Manuel–, é natural de Guláns. O seu avó paterno era Alfredo “da Almuiña”, gaiteiro moi lembrado na parroquia. E a súa nai –Maricarmen–, é de Xínzo, filla de Manolo “do Rochiña”, garda forestal da zona.

“O meu pai marchou a traballar a Madrid antes de que eu nacera, así que eu son –como se adoita dicir–, fillo da emigración. Pero a pesar da distancia física, toda a miña vida me sentín moi preto de Xínzo, Guláns, Ponteareas e das súas xentes. A nosa casa en Madrid foi sempre un pequeno reduto ponteareán, onde sempre se falou en galego, e onde os costumes, celebracións e idiosincrasia sempre foron as de aquí, non as de alá”, asegurou o propio Groba.

## O diario “El Tea” será dixitalizado este ano

O periódico agrarista “El Tea”, editado entre os anos 1908 e 1936 e que tivo unha gran repercusión na historia local de Ponteareas e a súa comarca, será dixitalizado ao longo deste ano 2016. A Xunta de Goberno Local aprobou o texto dun convenio que contará coas sinaturas do alcalde, Xosé Represas, e do conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, Román Rodríguez, convenio de colaboración para a xeración dun recurso dixital procedente do escaneamento e tratamento bibliográfico da colección da cabeceira de prensa “El Tea, años 1908-1936”, situado na Biblioteca-Museo de Ponteareas.

A firma deste documento implicará a creación dun recurso dixital de 4.628 páxinas pertencente a este xornal agrario e “permitirá poñer a disposición do público en xeral todo este arquivo a través da internet, garantindo ademais a súa plena conservación, pois o estado dos exemplares orixinais de “El Tea” non é o mellor posible”, dixo Represas.

El Tea foi un diario agrarista fundado en Ponteareas polo avogado e xornalista ponteareán Amado Garra, que posteriormente sería alcalde de Vigo durante a Segunda República. O primeiro número apareceu o 5 de setembro de 1908, editándose ata o 14 de xullo de 1936, catro días antes do golpe militar do xeneral Franco.

O financiamento desta actuación correrá a cargo da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, e o importe máximo será de 10.000 euros.

## The Trunks gaña o concurso de bandas Rock in Río Tea

O grupo de rock alternativo de The Trunks, de Sada, foi o gañador da final do concurso de bandas celebrado no JJcopas o sábado 16, nunha sala ateigadun público entregado, onde os de Sada deron todo, superando en votos a Spoonful, banda viguesa de hard rock se-

tenteiro.

The Trunks uníronse no palmarés aos gañadores das dúas edicións anteriores, Trapos Sucios e Cool Funeral, conseguindo o premio de 1.000 euros e a posibilidade de tocar no próximo festival que organiza o propio Rock in Río Tea.



## Ponteareas homenaxeou a Fermín Bouza Brey



O Concello de Ponteareas organizou un acto de compromiso coa galeguización no ámbito xurídico, no que se presentou unha placa en honor ao prestixioso xuíz e escritor Fermín Bouza Brey con motivo do cumprimento dos 115 anos do seu nacemento en Ponteareas. A xornada rematou cunha palestra que tivo lugar na Casa do Concello e na que participaron o fiscal da Fiscalía Superior de Galicia, Carlos Varela García; o secretario da Asociación de Funcionarios para a Normalización Lingüística, Xosé González Martínez; e a avogada e escritora, Isabel Blanco.

# Latorta abre establecimiento en Ponteareas

**Un renovado concepto de café e té orientado a un público exigente, instalouse en Ponteareas cō obxectivo de atender as peticións dos fans de Latorta.**

Estamos na franquicia de Latorta en Ponteareas degustando un excelente café coa torta de nata acompañados das súas propietarias, Susi e Manoli.

*Ola Susi, ola Manoli, dicideme que é Latorta Café Ponteareas?*

O 24 de outubro de 2015 inauguramos un local diferente en Ponteareas. Latorta Café é un espazo luminoso tranquilo con agradable decoración, no cal o tempo disfrutábase tomando o noso excelente café ou té acom-

pañado sempre da desgustación de Latorta.

*Por que se instalou en Paseo Matutino 25?*

Tivemos en conta que o Concello de Ponteareas ten proxectado e aprobado unha mellora moi importante en Paseo Matutino. Tamén apreciamos que incluía un espazo lúdico nesta extraordinaria área de aparcamento e bosque de 11.000m<sup>2</sup>. Por outra parte, é unha zona en auxilio na cal xa podemos encon-



trar establecementos de gran calidade a ter en conta.

O feito de estar en Paseo Matutino 25 facilita os nosos clientes a comodidade de dispor dun amplo aparcamento enfrente de Latorta.

*Que produtos ofrece?*

O noso produto estrela é Latorta de nata, con todas as súas variantes de sabores e cores, ademais da torta multicor.

Por outra parte, a franquicia Latorta ofrece outros produtos de máxima calidade de elaboración propia, como son: Latorta do peregrino de amendoa ou pistacho, as pastitas de té ou fan-

tástica bomba de nata. Ademais, no propio local elaboramos a Bomba salada ideal para acompañar cunha bebida refrescante.

A nosa proposta é almorzar en Latorta Café Ponteareas elixindo zume de laranxa, té café ou chocolate, acompañado da degustación de Latorta ou a Bomba de nata.

A hora de xantar ou merendar, poñemos a túa disposición a bomba salada cá túa bebida preferida.

*Cal é o segredo de Latorta?*

Solo uns poucos privilexiados puidemos ver a elaboración completa do produto, e o que si po-

demos dicir e que na súa elaboración utilizan produtos de primeira calidade como son ovo ecolóxico certificado de Galicia, manteiga, leite e nata Reny Picot e chocolates da firma Callebaut.

Con estes ingredientes e algunha cousiña máis (segredo) elabórase diariamente no forno artesano Latorta.

*Moitas grazas Susi e Manoli por estes excelente café e esta deliciosa torta. E recordade como dicen Susi e Manoli "Se non empezas o día en Latorta Café Ponteareas non saberás o que é un bo día".*



*Latorta auténtica  
siempre  
en la caja roja*

## OFERTA ESPECIAL

# Latorta

## MULTICOLOR



C/ Paseo Matutino, 25 - Ponteareas - 986 18 24 84 - 604 05 39 04 (Susi - Manoli)

 Latorta Café Ponteareas
 Parking Gratuito

## CONDADO/PARADANTA

## PONTEAREAS

# Cara a creación dun museo etnográfico en Guláns

A Fundación Guláns ten previsto, segundo o prescrito nos seus estatutos, organizar un museo no que se recolla a historia e o latexo cultural da parroquia ponteareá, ben coñecida pola súa tradición musical. E ao efecto, o sábado 9 de abril, unha representación da xunta directiva da Fundación, á que acompaños en calidade de invitados, visitou tres centros de interese para a súa iniciativa: o Museo Municipal de Ponteareas, o Castelo de Vilasobroso, e a Casa-Museo Etnográfico Pazo da Cruz na Hermida (Covelo).

No Museo Municipal de Ponteareas, situado no edificio da antiga fábrica de curtidos Garra, na rúa da Perillana, Gonzalo Fernández guiou aos visitantes pola mostra que abarca dende o Paleolítico ata tempos recentes. As instalacións, moi coidadas e organizadas cunha clara visión pedagóxica, permiten contemplar a evolución da historia da zona dende o principio dos tempos, destacando achados e restos do Castro de Troña, unha impresionante pía bautismal románica, e retratos e manuscritos de per-



sоеiros da vila ponteareá, como o político e xurista Gabino Bugallal Araújo ou o escritor e profesor Fermín Bouza Brey.

O Castelo de Vilasobroso é unha antiga fortaleza do século XII, destruída nas guerras Irman-

diñas e reconstruída no século XV. Á parte da súa importancia como fortaleza defensiva levantada nun lugar estratéxico, preto do monte da Picaña e do Castro de Troña, o Castelo é un foco de historia en pedra que alberga o

Centro de Recuperación e Difusión da Cultura Popular, promovido polo Concello de Ponteareas, e que sostén exposicións sobre oficios como o de cereiro, cesteiro ou zoqueiro e sobre traxes populares, evocadoras fotos como

as de danzas de reis e demais. Na actualidade é Ben de Interese Cultural, e a Deputación de Pontevedra está a realizar obras de remodelación nos muros e na capela adosada, así como a substitución das ventás e fiestras deterioradas.

A Casa-Museo Pazo de Cruz, na parroquia da Hermida (Covelo), alberga unha completísima colección de obxectos do patrimonio etnográfico e cultural de Galicia nun fermoso edificio do século XVI. O seu propietario, Maximino Fernández Sendín, leva recollidas moitas curiosidades sobre costumes e usos populares, oficios, elementos da vida cotiá, xoguetes, libros, e incluso a acertada reconstrución da aula dunha escola dos anos corenta.

Os directivos da Fundación Guláns tiveron ocasión de ver tres interesantes exemplos de conservación do pasado e tomaron boa nota para a súa iniciativa, na que están a traballar afervoadamente, e que se situará nun dos espazos do Centro Cultural de Guláns, no Parque da Avisoureira.

## Acto conmemorativo do 85 aniversario da Segunda República Española na Casa da Triga

Oxoves 14 de abril conmemorouse na Casa da Triga de Ponteareas o 85 aniversario da proclamación da Segunda República española cunha conferencia encol "A muller e a educación na Segunda República", a cargo de Anxo Serafín Porto Ucha, profesor Ad Honorem da Universidade de Santiago de Compostela, e Raquel Vázquez Ramil, profesora da Escola de Maxisterio de Vigo.

O profesor Anxo Porto fixo un detido análise do esforzo da Segunda República por sementar o país de escolas e encher estas de mestres e mestras, e ocupalas con moitos nenos e nenas. A educación sería laica, activa, social, coeducativa, obrigatoria e gratuíta até os 12 anos e ocupábase da educación das persoas adultas. A educación era unha función de Estado.

As Misións Pedagóxicas chegaban ás aldeas. Todo o profesorado recibiría unha remuneración similar. As novidades da Institución

Libre de Ensenanza, o pensamento inspirado no krausismo ou nas aportacións de Lorenzo Luzuriaga, as asociacións de mestres, os primeiros pasos do sindicalismo e demais incidiron nos artigos dedicados á educación na Constitución republicana de 1931.

Nunca o Estado tomara partido de tal maneira a favor da sociedade e da familia. A monarquía entregara practicamente a ensinanza á Igrexa, coa preeminencia da doutrina católica, a través do Concordato coa Santa Sede. A escola pública, precaria, non cubría as necesidades máis elementais de alfabetización. No outro extremo, os centros privados gozaban de instalacións, recursos e materiais indispensábeis.

As mestras e mestres republicanos loitaron contra o atraso endémico dos lugares onde desempeñaban o seu labor. Ensinaban socraticamente, pacífica e civicamente. Eran protagonistas dunha revolución cultural, ética e pedagóxica. Ensinaban tamén a



cultivar o agro, a repoboar os montes, a curar animais. Aconsellaban aos veciños, reconciliaban. Eran un referente social e político. Todo isto marcou despois o seu destino fatal, con aquela guerra cualificada de «Cruzada».

Pola súa banda, Raquel Vázquez Ramil explicou a situación legal das mulleres en España e o que supuxo para elas a proclamación da Segunda República ca concesión do voto e a apertura da vida política, cos exemplos das parlamen-

tarias republicanas e a súa adscripción partidaria. Tamén se analizaron outras medidas de fondo calado, como a lei do matrimonio civil o a do divorcio. Os avances serían cortados de raíz a partir de 1936 ata despois da Transición, xa entrados os anos 80 do século XX.

A Asociación Casa da Triga conmemorou deste xeito unha data esencial na nosa Historia recente. O público, que encheu o local da Praza Maior ponteareá, escoitou atentamente aos conferenciantes.



# Salvaterra-Monção celebran a primeira edición dos Coloquios da Eurocidade

**Concerto, coloquio e exposicións tiveron lugar os días 8 e 9 de abril. A exposición de pintura aínda se pode visitar ata o día 30.**

A primeira edición do "Coloquio da Eurocidade Monção - Salvaterra de Miño" desenvolveuse os días 8 e 9 de abril, tivo lugar en diversos espazos das dúas localidades fronteirizas e tivo como tema xeral "Expresións de Cidadanía no Feminino na Rexión Luso-Galaica".

Inserido nos Proxectos "Eurocidade Monção - Salvaterra de Miño e a Igualdade de Xénero", esta iniciativa, que consiste en expo-

sicións, música e conferencias dirixidas a fortalecer as identidades locais e solidificar os vínculos culturais entre as dúas rexións, cuxo obxectivo común, entre outros, é compartir potencial e minimizar as debilidades relacionadas coa cidadanía no feminino.

O día 8 pola tarde iniciáronse as actividades coa apertura de tres exposicións, na Casa Museu de Monção/UM, Adega da Quinta



de Santiago e no Castelo de

Dona Urraca en Salvaterra, que conteñen as creacións artísticas da pintura, a escultura e a fotografía dunha cincuentena de artistas do norte de Portugal, Galicia e diáspora.

Esta exposición, aberta xoves, venres e sábados, pódese visitar ata o 30 de abril.

O Cinema Teatro João Verde foi o escenario dun concerto conferencia titulado "Música de expresión Ibérica" que contou coa actuación do Mestre Antonio Victorino D'Almeida e Miguel Leite e co-creación performativa de Ricardo de Campos (pintura) e Patricia Oliveira (escultura).

O sábado estivo dedicado ao Coloquio "Expresións cidadanía das mulleres", que levaron a

cabo durante todo o día no auditorio José Emilio Moreira, onde se tratou da "interacción entre os xéneros - na literatura, na historia e na arte" e se desenvolveu o tema "Eurocities - por unha cultura da igualdade."

A sesión de apertura contou cos alcaldes de Monção, Augusto de Oliveira Domingues, de Salvaterra de Miño, Arturo Grandal, e o presidente da Associação de Estudo, Cooperação e Solidariedade - Mulher Migrante, Rita Gomes, e a de clausura co Secretario de Estado das Comunidades Portuguesas, José Luís Carneiro, e o Secretario Xeral da Emigración de Galicia, Antonio Rodríguez Miranda.



## CONDADO/PARADANTA

SALVATERRA DE MIÑO

## Os socialistas organizan un concurso solidario a favor de UNICEF

O PSOE de Salvaterra organiza un concurso de relato curto e debuxo para recaudar fondos para os refuxiados

Con motivo das Letras Galegas a Agrupación Socialista de Salvaterra organiza un concurso de Debuxo e Relato Curto que ten dúas finalidades, promover o uso do idioma galego e a cultura propia e servir para recadar fondos para os Refuxiados a través da colaboración con UNICEF.

O concurso contará con 2 categorías, unha de Debuxo para os nenos e nenas de Educación Infantil, 1º e 2º de primaria e outra de Relato Curto dividida en dúas subcategorías, unha para as nenas e nenos de 3º a 6º de primaria e outra para os alumnos do Instituto que abarca toda a ESO, Bacharelato e Ciclos.

Os agraciados serán agasalla-

dos con lotes de libros e un libro electrónico para as dúas subcategorías de Relato Curto. Así mesmo, os agraciados contarán coa "honra" de que se utilice o seu relato para a confección de diverso merchandising que se porá a venda en diversos puntos da localidade, en colaboración coas asociacións de comerciantes ACES e UNES, para recadar fondos para os refuxiados.

O PSOE sinala que, o único que se pretende é introducir o tema a debate sobre as fronteiras e os refuxiados nos mozos e mozas para ver a visión que teñen estes dun problema de actualidade e de tanta importancia.



**ACTIVIDADES para ADULTOS**

**Curso de Cociña China**  
Lugar: Cociña Parque Público A Canuda  
Días: 3, 4, 5, 10 e 11 de maio  
Horario: de 18.00 a 20.00h

**Curso de Cociña Xaponesa**  
Lugar: Cociña Parque Público A Canuda  
Días: 18, 19, 24, 25 e 26 de maio  
Horario: de 18.00 a 20.00h

**Curso "Coñece o teu móbil"**  
Lugar: Biblioteca Municipal  
Módulo: maiores de 55 anos  
Días: 9, 12, 16, 19, 23 e 26 de maio  
Horario: de 9.30 a 11.00h

**Curso de Maquillaxe Fantasía**  
Lugar: Biblioteca Municipal  
Días: 10, 13 e 26 de maio  
Horario: de 9.30 a 13.00h

**Curso de Decoración con globos para eventos**  
Lugar: Biblioteca Municipal  
Días: 26, 27 e 28 de maio / Horario: de 9.30 a 13.00h

\* Actividades gratuítas, para empadroados. Prazas limitadas.  
Para máis información e inscricións no 986 658 082 / Concello

CONCELLO DE  
**SALVATERRA DE MIÑO**

## Actividades para adultos en Maio

O Concello de Salvaterra de Miño, a través da Concellería de Cultura, presenta o seu programa de actividades para adultos do mes de maio.

Un programa que inclúe diferentes alternativas, que van dende a gastronomía, pasando polo coñecemento e uso de novas ferramentas para os máis maiores ata a aprendizaxe de métodos de maquillaxe ou decoración para eventos cos máis cativos. Os cursos son:

Curso de Cociña China: cinco sesións de dúas horas na Cociña do Parque Público A Canuda

Curso de Cociña Xaponesa: cinco sesións de dúas horas na Cociña do Parque Público A Canuda

Curso "Coñece o teu móbil", para maiores de 55 anos. 6 sesións de hora e media

Curso de Maquillaxe Fantasía: tres sesións de tres horas e media

Curso de Decoración con globos para eventos: tres sesións de tres horas e media

Estas actividades son totalmente gratuítas, para empadroados. As prazas son limitadas, polo cal todos os interesados poden informarse ou inscribirse no 986 658 082

## Os alumnos do Cra a Lagoa plantarán froiteiros en A Canuda.

Máis de 100 nenos e nenas desprazaranse desde as diferentes unitarias que ten o Centro Rural Agrupado A Lagoa ata o Parque Público A Canuda, co fin de levar a cabo a plantación de varias árbores froiteiras no parque, esta actividade englobase dentro da programación do Día do Arbol, e que este ano por cadrar con Semana Santa desprazouse ao mes de abril.

O Cra aproveitará o día para facer unha xornada de convivencia cos nenos e nenas das diferentes unitarias, xa que ademais de realizar a plantación, @s pequen@s gozarán, igual que o resto dos colexios, dunha actividade, este ano será un espectáculo de maxia, tendo de fondo a árbore e o medio ambiente. Na mesma actividade visitarán tamén una das novidades que ofrece este Parque, o Xardín Botánico de Orquídeas único en Galicia, onde se poden atopar especies exóticas de gran parte do mundo como América do Sur, Asia, India, etc. Neste momento atópanse expostas máis de 40 especies distintas.

**EMILIO seguros**

**DECESOS · HOGAR · JUBILACIÓN · AHORRO · ACCIDENTES, ENFERMEDAD VIDA · COMERCIO · PYMES · COMUNIDADES · R. CIVIL · AUTÓNOMOS · Etc...**

telf. información: **609 544 351**

**expert SanFer**

**986 648 270**

R/ Entrecíns, 12  
36440 AS NEVES

[www.sanfer.net](http://www.sanfer.net)  
[sanfer@sanfer.net](mailto:sanfer@sanfer.net)

# Turismo de Galicia promociona en Madrid a festa do Corpus Christi de Ponteareas e a Ruta da Lamprea

A directora de Turismo de Galicia, Nava Castro, presentou o pasado 8 de abril na Casa de Galicia de Madrid a festa do Corpus Christi de Ponteareas e a Ruta da Lamprea nun acto que contou tamén coa participación do delegado da Xunta de Galicia en Madrid e director da Casa de Galicia, José Ramón Ónega.

Este novo produto turístico, que comprende dezaioito municipios galegos situados nas beiras dos ríos Miño, Ulla e Tambre, pon en valor turístico os principais recursos naturais, gastronómicos e culturais destes concellos ao redor dos labores de pesca e a gastronomía deste singular peixe.

Durante a presentación, a directora de Turismo de Galicia explicou que a lamprea habita desde fai máis de 500 millóns de anos nos ríos Tambre, Ulla e Miño.

Dependendo do río e do emprazamento no seu curso, utilízanse diferentes construcións e sistemas de captura polo que, segundo sinalou Nava Castro, a

fama da que goza a lamprea a nivel internacional, non só é atribuíble á calidade do produto, senón tamén á forma artesanal da súa captura. "Tanto as pesqueiras como as artes de pesca son elementos tradicionais e singulares do territorio e da paisaxe que perviviron ata os nosos días e que integran o patrimonio material e inmaterial dos concellos galegos situados ás marxes destes ríos", explicou.

Neste senso Nava Castro sinalou que tanto as construcións como os sistemas que se utilizan para a captura da lamprea constitúen elementos de gran potencial turístico.

A responsable de Turismo da Xunta explicou que este compendio de recursos combínase na Ruta da Lamprea en cada unha das zonas dos tres ríos coa visita a lugares de interese natural e cultural a súa contorna. "Así, esta ruta da a coñecer o importante patrimonio que rodea a este peixe e á súa captura, mostrando



aos visitantes desde as artes de pesca como as pesqueiras ou as estacadas, ata recursos naturais e culturais, como miradoiros, paseos, pontes ou capelas, entre outros elementos", sinalou.

Así mesmo, Nava Castro destacou que a ruta ofrece multitude de restaurantes que permiten degustar este manjar de maneiras moi diversas.

"Con todo, a Ruta da Lamprea constitúe un novo produto turístico que potenciará a oferta turística dos dezaioito municipios que integra a través de diversos itinerarios que aglutinan diferentes recursos que conxuntamente constitúen un gran atractivo", concluíu.

## Corpus Christi de Ponteareas

Por outra banda, durante a presentación da festividade do Corpus Christi, a directora de Turismo de Galicia destacou a relevancia internacional alcanzada por esta festa avalada pola declaración de interese turístico inter-

nacional desde 2009.

Nava Castro explicou que este municipio da provincia de Pontevedra é coñecido a nivel internacional pola arte das súas alfombras de flores naturais confeccionadas para o paso do Santísimo Sacramento, unha tradición que está documentada desde 1857. "Así, o domingo de Corpus Christi numerosas alfombras engalanan as rúas e prazas de Ponteareas nunha profusión de colorido, creatividade e beleza que atrae cada ano a máis visitantes", sinalou.

A responsable de Turismo da Xunta afirmou que desde Turismo de Galicia se aposta por esta festa polo que este ano apoiouse este evento cunha axuda de 40.000 euros para a súa promoción ao que hai que engadir 15.000 euros grazas ao convenio de colaboración asinado pola administración turística galega con Abanca.

Neste senso, Nava Castro des-

tacou que estas celebracións, "polas súas características e singularidades e polo seu recoñecemento e prestixio a nivel tanto autonómico como nacional ou internacional, supoñen un importante reclamo de atracción turística". "Ademais de engadir importantes accións de difusión turística que constitúen un extraordinario incentivo para as economías locais", engadiu.

Pola súa banda, o delegado da Xunta de Galicia en Madrid e director da Casa de Galicia, José Ramón Ónega, resaltou "o colorido e a poesía" que residen nesta celebración. "A Festa do Corpus Christi é a festa onde as flores son protagonistas da beleza", afirmou José Ramón Ónega, ao que engadiu que "súmase a arte no que as xentes de Ponteareas saben poñer beleza, mestría e xenio". "A Festa do Corpus é a proba do xenio dunhas xentes que aúnan a arte e a beleza", concluíu.



**Angoso Eido**  
taberna

Especialidades en:  
Angulas e Lampreas, Pelxes do Río  
Chocos a Prancha, Bacalao e Kikos a Brasa

RESERVAS { ANA 651 040 534  
COKE 637 401 025

Tel: 986 658 313  
Rúa da Fraga, 5 - SALVATERRA DE MIÑO

**Fausto**  
CAFE & VINOS

Buscános en Facebook Fausto As Neves

Marquesa do Pazo, 4 - AS NEVES

## CONDADO/PARADANTA

## AS NEVES

**primavera de música**  
**As Neves 2016**

|                                                                                                                                                                 |                                                                                                                |                                                                                                                                                                             |                                                                                                                            |
|-----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|----------------------------------------------------------------------------------------------------------------|-----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| <b>Domingo 10 abril</b><br>20 h<br>Auditorio municipal<br>Concerto pop<br>Banda de música popular de Rubiós<br>+ cantante invitado:<br>Enrique Alberto Martínez | <b>Sábado 7 maio</b><br>21 h<br>Auditorio municipal<br>De outra margem<br>Música tradicional galego-portuguesa | <b>Sábado 28 maio</b><br>21.30 h<br>Casa da xuventude<br>Apalabrando tangos<br>Presentación:<br>Daniel Rilo<br>Cantantes:<br>Emilce Rosana<br>Bardoneón:<br>Alejandro Szabo | <b>Domingo 12 xuño</b><br>21 h<br>Praza Maior<br>Conción de autor<br>Piña<br>Presentación do disco: "Con el paso cambiado" |
|-----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|----------------------------------------------------------------------------------------------------------------|-----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|

## Primavera de música nas Neves

Despois de recibir a primavera embelecendo as súas rúas con flores de crochet, e como xa vén sendo costume dende a chegada do actual goberno local, As Neves dedica a nova estación a unha arte, neste caso, a música. E faíno, ofrecendo de balde unha serie de actuacións que abranquen un amplo abano de xéneros.

O ciclo Primavera de música comezou cun Concerto Pop no que a Banda de Música Popular de Rubiós interpretou temas dos anos 50, 60, 70 e 80 acompañada pola voz do solista Enrique Alberto Martínez.

Na devandita o público puido escoitar cancións de Los Tamara, The Beatles ou Michael Jackson, entre outros. O seguinte concerto será o sábado 7 de maio ás 21:00

h, no Auditorio Municipal. Nel, o grupo "De outra margen", integrado por artistas das dúas beiras do Miño e do Atlántico, fará unha interpretación de música tradicional galego-portuguesa.

Para desfrutar da terceira das catro actuacións que compoñen o programa, haberá que acudir á Casa da Xuventude o sábado 28 de maio ás 21:30 h. Nesta ocasión, Daniel Rilo presentará "Apalabrando Tangos", un espectáculo musical no que Emilce Rosana cantará acompañada polo bandoneón de Alejandro Szabo.

Coa canción de autor poñerase fin ao programa da man do cantautor Piña, que realizará a presentación do disco "Con el paso cambiado". Será o domingo 12 de xuño ás 21:00 h, desta volta, na Praza Maior

## As Neves estrea dominio .gal

Seguindo na liña de avanzar no uso e potenciación das novas tecnoloxías iniciada xa coa xestión administrativa, As Neves actualiza o enderezo do seu portal na rede, rexistrándoo co dominio .gal. Deste xeito, a páxina web municipal pasa de ser [www.asneves.com](http://www.asneves.com) a [www.asneves.gal](http://www.asneves.gal). Páxina, que ademais, cumprindo co presentado no programa electoral, será renovada ao longo deste ano.

Son dúas as razóns que motivan o emprego do dominio galego en internet. Por un lado, a forte aposta pola utilización destas ferramentas que nos ofrece a informática, moi útiles como canle comunicativa e de achegamento entre a cidadanía e o Concello, e, por outro, o compromiso co noso pobo; xa que este dominio naceu hai case un ano e medio froito dunha iniciativa popular.

## 1ª Andaina e Trail Vila de As Neves - Marqués de Vizhoja

O Club Cornelios organizará o sábado 30 de abril a 1ª Andaina - Trail Vila das Neves - Marqués de Vizhoja, andaina que supón a 3ª proba do calendario da Copa Galicia de Andainas 50Qm.

A proba percorrerá exclusivamente o Concello das Neves, sendo a primeira vez que se celebra unha proba deste tipo neste concello.

O percorrido da andaina de 50 qms. e uns 2000 metros de desnivel acumulado, transcorre polas 13 parroquias das Neves, alcanzando o cume do monte de San Nomedio, co seu paso polas saias do monte de San Fins, des-

cendendo posteriormente cara á Igrexa de Santa Marta de Riaberteme, onde se celebra a tradicional romería coa famosa procesión dos cadaleitos e pechando o percorrido pola Senda dos Pescadores coas súas vistas ao río Miño.

A saída da andaina, a de 50 qms e dous percorridos máis curtos de 33 qm e 22qm para todos os niveis, terá lugar na Praza do Concello ás 9:30h.

O trail, de arredor de 20qm con uns 1000m de desnivel, terá a saída da Praza ás 10:30h.

As inscricións podense facer, antes do 26 de abril na páxina [web.cornelios.es](http://web.cornelios.es)



**MECÁNICA**  
**CHAPA E PINTURA Ó FORNO**  
**CARGAMOS "CLIMA" DO TEU COCHE**  
**VARIEDADE EN RODAS**

**AS NEVES**  
TALLERES DE REPARACIÓN S.L.

Pazo, 8  
Tortoreas

telf: 986 66 74 86  
36849 AS NEVES

**1985**  
**Restaurante**  
**Casa Culviño**

Gastronomía tradicional  
Lamprea a la bordalesa (en su salsa)  
Lamprea ahumada (rellena y adobada)  
Angulas - Cabrito lechal  
Diversidad de vinos de calidad

Marquesa del Pazo, 34  
Telf: 986 648 040

36440 AS NEVES  
info@casaculvino.es

## MONDARIZ/A CAÑIZA

## O Concello de Mondariz homenaxea á triatleta Tania Suárez Lage

O alcalde de Mondariz, Xoán Carlos Montes Bugarín acompañado polas tenentes de alcalde Mónica Peralba e Marina Alfaro, recibiu na Casa do Concello a triatleta mondaricense, Tania Suárez Lage, "todo un exemplo para a mocidade de Mondariz e unha mostra de que con tesón, constancia e espírito de sacrificio se pode acadar calquera meta", asegurou Xoan Carlos Montes.

A progresión deportiva Tania Suárez Lage, nada hai 22 anos en Alemaña e filla de emigrantes de Mondariz, fala ben as claras das tres cualidades ás que facía referencia o alcalde mondaricense. En tan só un pouco máis de un ano como atleta de triatlón, na modalidade de sprint, conseguiu un máis que salientable carto posto nos campionatos de España do 2015, celebrados en Pontevedra, e posibilitou que o seu equipo, o Olímpico de Vedra de Santiago, proclamácese subcampión de España. A súa persistencia e constancia dan como resultado este ano un segundo posto na categoría Sub21 na especialidade de Duathlon no Campionato de España en Barcelona.

O feito de estar nas filas dun club de Santiago de Compostela, fai que os adestramentos de Tania teñan dificultade engadida. Dende o club envíanlle as rutinas de traballo que ten que seguir e logo "corro cun grupo de aquí de Mondariz, nado co Club de Natación Ponteareas, e preparo a proba de bicicleta ou



por estas estradas ou, se cadra, con grupos de Ponteareas", explica a deportista mondaricense que, reconece que sería moito máis doado adestrar en Santiago, no club no que milita "porque faise unha preparación específica guiada por un adestrador".

Ese tesón, constancia e espírito de sacrificio de Tania, queda reflectido no feito de que compatibiliza os seus adestramentos -de dúas a tres horas seis días a semana- co seu traballo nun establecemento comercial da vila. "As veces é complicado", reconece a triatleta, "sobre todo

cando no traballo teño horario de mañá xa que, adestrar polas tardes, logo de xantar e descansar un rato, as veces faise costa arriba".

Na actualidade, Tania Suárez Lage compite na modalidade de sprint, (750 metros en natación, 20 quilómetros en bici e unha carreira de 5 quilómetros) aínda que as súas miras están postas en pasar, a medio prazo, á modalidade olímpica que multiplica por dous todas as distancias.

Os vindeiros 13, 14 e 15 de maio, Murcia acollerá os campionatos de España de triatlón e, na

liña de saída, Mondariz estará representada por Tania Suárez Lage.

"Ter un referente como Tania, que amosa uns indiscutibles valores como atleta e como persoa, é todo un luxo para Mondariz do que nos sentimos tremendamente orgullosos". Alcalde e concelleiras fixéronlle entrega a Tania dun ramo de flores e un recordo do Concello de Mondariz, "como agradecemento ao feito de que, nun deporte tan duro e competitivo como o triatlón, Tania faga que Mondariz teña voz propia".

## O Alcalde de A Cañiza na Comisión Nacional de despoboación da FEMP

A Comisión de Despoboación, constituída o 15 de abril, está formada por 25 Alcaldes e Alcaldesas de pequenos municipios, altos responsables provinciais e dous Senadores.

Miguel Domínguez representará a todos os Concellos de menos de 5500 habitantes da nosa Comunidade xunto con outros 3 Alcaldes.

A FEMP pediu a aplicación de incentivos e outras fórmulas específicas que permitan actuar contra as perdas de poboación que sofren máis de 4.700 municipios no noso país, especialmente nas zonas do interior peninsular.

A creación desta Comisión de Traballo, que preside Juan Antonio Sánchez Quero, presidente da Diputación de Zaragoza e Alcalde de Tobed, vén dar cumprimento ao acordo alcanzado no XI Pleno da FEMP, no que xa se puxo de manifesto a inquietude que esperta este fenómeno entre o colectivo municipalista e o interese en buscar solucións que freen o seu avance.

A Comisión de Despoblación está formada por 25 membros, todos eles Alcaldes ou Concelleiros de pequenos municipios, e entre os que se atopan dous Senadores e unha Procuradora de Castilla e León.

Dende 1905 traballamos  
pola educación en Ponteareas

# La Inmaculada

COLEXIO PLURILINGÜE

R/ Amado Garra, 2 - Tlf. 986 640 065  
[www.colexioinmaculada.com](http://www.colexioinmaculada.com)

## LOURIÑA

## O PORRIÑO

# O Bera Bera gaña a Copa de la Reina de balonmán disputada en O Porriño

## O Balonmán Porriño e o Atlético Guardés chegaron a semifinais

Coa vitoria de Bera Bera sobre Prosetecnisa Zuazo, 17-33, na final, rematou a XXXVII Copa de S. M. a Raíña que se disputou en Porriño. O conxunto donostiarra, neste encontro moi superior ao seu rival en todas as facetas, suma así o seu quinto título de Copa e recupera o trono que perdera o pasado curso.

Xunto á fase final da Copa S.M. a Raíña, celebrouse por primeira vez a Minicopa que reuniu aos oito equipos cadetes dos clubs participantes e que gañou o Alcobendas na final que xogou contra o Puertosal Málaga, 25-30.

Os dous equipos galegos que xogaban esta Copa de la Reina chegaron a semifinais tras gañar o Balonmán Porriño ao Rocasa

ACE Gran Canaria, campioas no 2015, 29-24, e o Mecalía Atlético Guardés ao Logroño Sporting Rioja, 28-15. Nas semifinais o Guardés perdeu fronte as campioas do Bera-Bera, 13-19, e o Porriño pola mínima diante do Zuazo, 21-22.

Consumada a derrota do Balonmán Porriño contra o Prosetecnisa Zuazo, a alcaldesa de Porriño, Eva García de la Torre, baixou ao vestiario do Balonmán Porriño para falar con todas as xogadoras e técnicos e transmitirle a mensaxe de que todo o Porriño estaba orgulloso delas "porque sodes un exemplo por todo, pola entrega, pola ilusión, polo compromiso e polo traballo" e de que tiñan pasado á historia de O Porriño.



## A Alcaldesa amosa o orgullo da vila polo éxito da Copa da Raíña

A alcaldesa, Eva García de la Torre, acompañada polo tenente de alcalde e concelleiro de Deportes, Manuel Carrera, e outros membros do goberno local, ofreceu este martes, día, 19, no Pavillón Municipal, unha recepción a todos os integrantes da Organización da Fase Final de Copa da

Raíña, disputada dende o venres ao domingo pasado no Porriño.

A alcaldesa salientou o "éxito rotundo" da cita que, engadiu, "amosou a toda España do que somos capaces os porriñeses". Eva García de la Torre lembrou "con grande orgullo", o balance do presidente de la Real Federa-

ción Española de Balonmán, Francisco V. Blázquez, quen asegurou que "a de 2016 foi unha das mellores Copas da Raíña da historia".

García de la Torre agradeceu e recoñeceu "o grande traballo" do Club Balonmano Porriño e de "todas as veciñas e veciños, de-

portistas locais, afeizoados, dirixentes e adestradores" que fixeron posible que o nome do Porriño sexa "hoxe, de novo", unha referencia no mundo do deporte.

De novo, a alcaldesa referiuse ás impresións do presidente da Federación española quen en

todas as declaracións aos distintos medios de comunicación que cubriron a fase final do campionato sinalou, "vimos como todo o mundo apoio no Porriño aos equipos cun ambiente espectacular de deportividade e amizade que serviu para volver a salientar os valores do balonmán".



## O Porriño premiado pola súa laboura a prol do deporte feminino de Galicia

A alcaldesa, Eva García de la Torre, recollerá este venres, día 22, no concello de Allariz, o premio que a Asociación Deportistas de Galicia (MUDEGA), ven de conceder ao Concello do Porriño.

Mudega reconece a laboura, feita a prol do deporte feminino de Galicia por xogadoras, adestradoras, xuízas deportivas, clubs e entidades públicas, unha distinción que este ano recaeu no Concello do Porriño por conquistar a visibilidade do deporte practicado polas mulleres e o seu aprecio e coñecemento por toda a sociedade.

A alcaldesa sinalou que “este premio pertence aos centos de deportistas porriñesas que fan que todas as veciñas e veciños nos sintamos orgullosos da súa entrega, os seu esforzo e o resultado do mesmo que fan do deporte do Porriño unha referencia dentro e fora de Galicia”.

Eva García de la Torre lembrou que cinco mulleres dirixen outros tantos clubs locais: Araceli Lorenzo, á fronte do Balon-

cesto Base; Raquel Acuña, presidenta do Club de Fútbol Pontellas, Eva María Domínguez, do Club de Fútbol San Salvador de Budiño, Aurora Sousa, que rixe o Clube Atletismo Porriño e Mercedes Díaz, presidenta da Club Patín Porriño, “todos eles punteiros nas súas categorías, dende as competicións galegas ata as internacionais e, o que é máis importante, referentes na formación de novas deportistas”.

Froito da laboura dos clubs do Porriño son os éxitos de deportistas como a palista Carla Pérez, a baloncestista Mónica Jorge, medalla de Prata na categoría sub-20 coa Selección Española no Europeo de Baloncesto de 2009; a triatleta Iria Rodríguez, recente medalla de Prata no Campionato de España de Triatlón Escolar; a atleta María Martínez, as promesas do balonmán, Aitana Santomé, e da ximnasia, Mónica Rodríguez, ou unha das máis grandes deportistas porriñesas de todos os tempos, Begoña




Fernández, Medalla de Bronce coa Selección Española de Balonmán nos pasados Xogos Olímpicos de Londres 2012.

Grazas á súa entrega e ao seu

talento, dentro dunha semana, O Porriño atraeu a mirada de todo o deporte español ao acoller a Fase Final da Copa da Raíña de Balonmán na cal, du-

rante tres días, competiron as mellores equipos de España e moitas das mellores xogadoras europeas, entre elas as porriñesas.



## LOURIÑA

## O PORRIÑO

## Ecofeirón en O Porriño o 24 de abril

Máis dun cento de expositores instalarán os seus postos o vindeiro domingo, día 24, na zona de San Sebastián e San Benito, co galo do 3º Feirón Porriño Saudable, que abrirá as súas portas ás 11 da mañá.

A feira ecolóxica, foi presentada este martes pola alcaldesa, Eva García de la Torre, o concelleiro de Comercio, Marcelino Coto, os seus organizadores, e os responsábeis da Asociación Veciñal San Sebastián e San Benito que, coincidindo co 'feirón', organiza una nova edición da súa 'Andaina', que percorrerá 4 quilómetros pola beira do Louro.

Marcelino Coto salientou a importancia da feira que, sinalou, "congrega a máis de cen expositores chegados de distintos puntos de Galicia, e atrae cada ano a milleiros de persoas interesadas na vida sa, nos produtos ben tratados e nas interesantes propostas dos especialistas que estarán nesta feira".

Coto chamou a atención

sobre o feito de que esta cita é unha das iniciativas impulsadas polos Concello para dinamizar o entorno na que se desenrolará, "en poucos días, logo da Feira Ecolóxica, chegará a dos Cachos e apenas un mes máis máis tarde, a do Pan do Porriño" que, engadiu, serán unha magníficas ocasións para proxectar os produtos e o bo facer dos comerciantes locais, "como fixo o Copa da Raíña de Balonmán, que proxectou a nosa imaxe por toda España".

As alternativas que poderán atopar as persoas que se acheguen ao Porriño este domingo abranguen dende alimentación, terapias alternativas, cosmética, panadería ecolóxica, cervexa artesán, filloas ecolóxicas, Porco Celta, chegado dende Lugo, paella vexetal, batidos de froitas ou hamburguesas ecolóxicas de tenreira galega.

Tal e como indicaron os organizadores da Feira, o obxectivo é "fomentar a alimentación e a vida saudábeis, a reciclaxe e o ecoloxismo" achegando novos



puntos de vista por medio de charlas de expertos como as de batidos vexetais ou como elaborar cremas e xabóns naturais.

A alcaldesa, encargada de pe-

char a presentación, invitou a todos as veciñas e veciños da Área Metropolitana a achegarse ao Porriño e gozar dunha "oferta variadísima, interesante

para todos, que propón algo que debe ser unha prioridade: ter unha vida sa por medio dunha alimentación equilibrada e natural".

## O BNG pide á Xunta que se implique no conflito laboral de Servicarne

**Montse Prado instou á Xunta a dirixirse ao Goberno español esixindo a "derrogación" da lexislación laboral que ampara as condicións laborais "infames" dos traballadores de SERVICARNE**

A parlamentaria do BNG, Montse Prado explicou, na comisión de sanidade, que a empresa FRIGOLOURO instalada en Porriño leva anos contratando á empresa SERVICARNE o servizo de traballadores para realizar a maior parte da súa produción. Pola súa parte, FRIGOLOURO cambia deste xeito "traballadores/as de plantilla por autónomos cooperativistas".

No debate da iniciativa nacionalista, a deputada insistiu en que os traballadores e traballadoras de SERVICARNE denuncian xornadas laborais "que saben cando empezan pero non cando rematan, tempos de descanso non remunerado e salarios e condicións de traballo denigrantes". Asemade, os "falsos autónomos" cobran en función do que producen e descoñecen o que percibirán polo seu traballo xa que os criterios económicos da empresa

varía entre os 600 e 900 euros, por 12 ou 14 horas de traballo.

A deputada lembrou que FRIGOLOURO contaba con 600 traballadores e traballadoras dende o ano 1999 pero procedeu a contratar con SERVICARNE parte da súa produción incorrendo "nunha cesión ilegal de traballadores e traballadoras". FRIGOLOURO xa non contrata persoal propio, só "falso autónomo, ou autónomo independente", recalcou.

No ano 99 eran 40 cooperativistas e na actualidade son 224, o cadro de COREN pasou de de 600 traballador@s a 360. Os salarios dos cooperativistas son moi inferiores e con condicións laborais "denigrantes" polo que reclamou da Xunta dirixirse ao Goberno español esixindo a derogación da lexislación vixente que ampara as condicións laborais que raian "a escravitude".

O PP responde ao BNG que a Xunta debe agardar polo resultado do proceso xudicial

Pola súa parte, a portavoz do Partido popular Cristina Romero amosou o rexeitamento dos feitos denunciados pola nacionalista e reiterou que hai un proceso xudicial aberto pero "non depende da Xunta a solución deste conflito". Romero anunciou o compromiso da Xunta do "seguimento" do proceso e anunciou que o grupo maioritario votaría en contra da iniciativa do BNG.

Na réplica, a parlamentaria afirmou que "os traballadores e traballadoras non poden esperar". Resulta moi difícil, dixo, escoitar como son "penalizados e tratados" e vostede ánimaos a esperar. Non coñecemos ningunha actuación da Xunta para resolver o conflito e non chega con facer



un seguimento do proceso xudicial, mentres xa van "seis despedidos durante un mes".

A Xunta segue "de espectadora" e non amosa a máis "mínima sensibilidade" cos

traballadores e traballadoras. Isto soluciónase, concluíu a nacionalista, coa "derrogación da lei laboral que ampara as condicións de escravitude dos traballadores e traballadoras de SERVICARNE"

## As obras no regato Miñoteira, en Pontellas, evitarán o risco de asolagamento

O tenente de alcalde e concelleiro de Vías e Obras, Manuel Carrera, asistiu este luns, día 18, á colocación dos 5 novos 'marcos', da obra que o Concello está realizando no regato Miñoteira, en Pontellas, logo dos asolagamentos do pasado mes de febreiro, que afectaron a varias das parroquias do Porriño.

Segundo explicou Manuel Carrera, con esta proxecto, iniciado a semana pasada, "acabarase co risco de inundacións nesta zona" logo de que se ampliase a canle de paso da auga, que estaba nunhas medidas de 1,5 metros por 80 centímetros, na parte que está máis preto da ponte, a un paso que dispóra dunha capacidade de caudal de 2,5 por 2 metros.

Dende agora, engade Carrera, logo da colocación dos marcos, "se pasará á fase de drenaxe lonxitudinal e situación das aletas de dirección da canalización, en pedra, tanto de entrada coma de saída", o que podería facer que a obra, na súa totalidade, estivese acabada a principios do mes que ven.



O primeiro tenente de alcalde lembra que esta iniciativa era unha das que o goberno local presentara á Federación Galega de Municipios e Provincias (FE-

GAMP), como parta das que era necesario acometer de urxencia polos danos ocasionados polas choivas e temporais de hai dous meses e que, no caso do conce-

llo do Porriño, a Concellería de Vías e Obras, orzmentou en máis de 160.000 € para arranxar os destrozos causados polos temporais.

## O Concello limpa as beiras e o canle do Louro

O Goberno Local do Porriño ven de contratar os servizos dunha empresa que, dende o luns 11, empezou a limpar as beiras do río Louro. Os especialistas iniciaron o traballo na Ponte de Riego cara ao albergue, nos dous lados dos río ao tempo.

A alcaldesa, Eva García de la Torre, informa de que o Concello encargou, ademais, un estudo que ten que sinalar "polo miúdo" cales son as deficiencias do paseo, do propio canle do río, a caída de árbores e a acumulación de lixo no treito do río.

Eva García de la Torre agradece o labor dos veciños e a iniciativa posta en marcha para limpar o Louro, pero subliña que o Concello non pode deixar de cumprir coa súa obriga e, tampouco, "deixar de exixir á Confederación Hidrográfica do Miño-Sil que asuma as súas competencias e o custo que terá o saneamento e limpeza do río".

A alcaldesa engadiu que o Concello non pode permitir que veciños e voluntarios corran riscos que poden poñer en perigo a súa integridade e, insiste, os servizos locais son os que deben de "asumir o mantemento dos espazos públicos e ter os mesmos en perfectas condicións".



## LOURIÑA

## O PORRIÑO

## As concelleiras de benestar e traballo do Porriño en Suecia para asistir aos proxectos de "Europa cos cidadáns"



As concelleiras de Benestar, Soledad Girón, e de Educación, Lourdes Moure, están na localidade sueca de Kristiansstad representando ao Concello na conferencia internacional 'European Local Authorities Integration NetWork' (Rede sobre integración e autoridades locais europeas) dentro do programa 'Europa para os Cidadáns'.

As actividades do proxecto están orientadas á integración por medio do emprendimento e os programas de emprego e nas mesmas, ademais do Concello do

Porriño, estarán representantes dos servizos públicos de emprego de Suecia; autoridades locais da cidade de Göteborg-que presentarán un proxecto de educación profesional-de Malmö, que ven de desenrolar unha iniciativa para a promoción do autoemprego e espírito empresarial de xoves en situación de exclusión; o alcalde de Hässelholm ou o representante da UE en Suecia.

As concelleiras porriñesas, compartirán as súas experiencias con representantes locais de Dinamarca, Reino Unido e Holanda,

ademais de Suecia, de cara á implementación de ideas e iniciativas semellantes no Porriño, como a posta en marcha da Escola de Canteiría en Torneiros.

A esta conferencia seguirán, os vindeiros 13 a 15 de maio, a que se celebrará na localidade británica de Ipswich, en Suffolk, na que os representantes municipais tratarán da importancia da colaboración co voluntariado na integración de inmigrantes; e a III Conferencia de Catoira, sobre o deporte como canle de integración para refuxiados.

## MOS

## A Banda de Gaitas Leticia de Mos celebra o seu 25 aniversario cun concerto

Os actos de celebración do 25 Aniversario da Banda de Gaitas Leticia de Mos, foron presentados no salón de sesións do Concello coa asistencia da alcaldesa de Mos, Nidia Arévalo, a concelleira de Cultura, Sara Cebreiro, e Hipólito Cabezas, director da Banda de Gaitas Leticia de Mos.

Segundo explicou Cabezas, os actos de conmemoración deste cuarto de século de vida da Banda inicianse o sábado 23 de abril pola mañá cunha exposición na que se fará un repaso da historia da agrupación musical Leticia, na que se exhibirán fotografías tomadas dende o seu nacemento, así coma tódolos premios, trofeos e distincións acadados, e outras lembranzas varias. A mostra estará aberta ao público no Multiusos das Pozas en horario de 11.00 horas a 14.00 horas e de 17.00 horas a

20.30 horas, momento no que dará comezo o concerto, tamén no Multiusos.

Dito concerto foi definido polo propio Cabezas como "unha caixa de sorpresas coa que tentaremos impactar ó público". "Tratar de sorprender leva sendo a máxima da Banda durante os últimos 25 anos, ben co repertorio ou co uso de instrumentos", explicou o director.

O concerto do sábado ademais de musical incluírá un espectáculo visual que dende a organización esperan sexa do agrado do público asistente. Ademais será un concerto no que se tratará de que os espectadores vexan a progresión da Banda durante os 25 anos de historia, recuperando incluso pezas que levaban uns 20 anos sen tocar e que decidiron retomalas agora para esta celebración de aniversario. Queren sobre todo que

sexa unha xornada de festa e de celebración, para elo invitaron a músicos que pasaron pola Banda ó longo da traxectoria da mesma e que agora se suman novamente a esta iniciativa. O obxectivo da mesma é ante todo o disfrute, tanto do público como dos músicos da Banda e as estrelas convidadas, que tamén as haberá.

Sobre Leticia a rexedora local mosense, Nidia Arévalo, declarou que "trátase dunha Banda que naceu e creceu no municipio de Mos e que hoxe merece o aplauso e o recoñecemento deste Concello". Así mesmo manifestou o seu agradecemento á directiva da Asociación Leticia que axudou para que no seu momento se formase a Banda e aludiu ó currículo meritório da formación, con grandes éxitos e distincións ás súas espaldas.



**ElectroGranxa**  
ALMACEN DE MATERIAL ELECTRICO

Tlf. 986 34 25 56 Fax. 986 34 29 62 electrogranxa@electrogranxa.com

www.electrogranxa.com



Pol. Ind. A GRANXA - Avda.principal - Parcela 259 - Nave 3. 36400 PORRIÑO - Pontevedra

Talleres  
Guiller Motor



Venta de vehículos usados

Puzo-Lira, 24  
36459 SALVATIERRA  
(Pontevedra)

Tel./Fax 986 66 15 41



## MOS

## Mos amosa o seu apoio ó talento dunha violinista precoz

**Laura Morales Rejas, veciña de Torroso, ingresou na Sinfónica de Galicia dous anos antes da idade mínima**

O Concello de Mos quixo amosar o seu apoio e admiración a unha xove promesa do violín que dende fai xa un ano forma parte da Sinfónica galega. A concelleira de Cultura, Sara Cebreiro, mantivo esta tarde un encontro con Laura Morales, violinista mosense con 15 anos recién cumpridos, que entrou con 14 anos na Xove Sinfónica de Galicia, cando a idade mínima é de 16 anos. Ademais vai dous anos adiantada no Conservatorio.

A intención desta moza, veciña da parroquia mosense de Torroso, é ir a estudar ao estranxeiro o vindeiro ano. Este é o seu principal e máis inmediato obxectivo académico. É por elo que o Concello de Mos lle presentou o seu apoio e recoñecemento “por ser unha precoz promesa da música e un exemplo a seguir pola mocidade mosense, dados a súa capacidade de esforzo, superación, traballo e forza

de vontade”, segundo hoxe declaraba Cebreiro, edil mosense de Cultura.

Nacida o 4 de abril de 2001 nunha familia de músicos, Laura Morales Rejas é a maior de catro irmáns. Comeza os seus estudos musicais á idade de 5 anos na Escola Municipal de Música de Mos en Torroso. Alí recibe as súas primeiras leccións de violín. Á idade de 9 anos accede ao Conservatorio Profesional de Música de Vigo, onde recibe clases de Marcos Escobar.

Aos 11 anos ingresa no persoal da Orquestra Xove 430 de Vigo, actividade que compatibiliza na actualidade coa Orquestra do Conservatorio Profesional Senior de Vigo, onde cursa os seus estudos musicais. Nesta segunda orquestra tocou de solista o concerto de Bach en la menor á idade de 12 anos. Ese mesmo ano foi preseleccionada no Concurso de Peregrinos Musicais de San-



tiago de Compostela.

Na actualidade, cursa quinto curso de grao profesional, á vez que terceiro da ESO, e asiste regularmente a clases co violinista, profesor da Escola de Altos Estudos Musicais e membro de Orquestra Filharmonía de Santiago de Compostela, Gregori Nedobora, e coa profesora Fumika Yamamura, membro da Orquestra Sinfónica de Galicia.

En 2015 realiza as probas de acceso á Xove Orquestra Sinfónica de Galicia con 14 anos, a

pesar de que a idade mínima para realizala é de 16, e accede como membro activo ao persoal. Con ela xa actuou en diversos recitais na Comunidade Autónoma Galega, baixo a dirección do Mestre italiano Alberto Zedda.

Realizou cursos de interpretación violinística con Nicolás Ortiz, Diana Tischenko e Evelio Tíeles en calidade de activa.

E ademais Laura ten un expediente brillante, tanto no Conservatorio como no I.E.S. de Mos.

### ASOMAMOS organiza un xantar e unha charla

A Asociación de Maiores, Pensionistas e Xubilados de Mos, ASOMAMOS, organiza dúas novas actividades: unha charla-coloquio sobre nutrición e o VIII Xantar ASOMAMOS.

O VIII Xantar ASOMAMOS celebrárase o 8 de maio no Multiusos das Pozas contando coa actuación da Banda de Gaitas de Herville. A reserva das entradas poderá facerse na sede da Asociación no Multiusos, telefónicamente chamando ós números 986334903 e 679037299, ou a través dos colaboradores das distintas parroquias.

A charla-coloquio sobre nutrición celebrárase o vindeiro xoves día 21 de abril, ás 18.30 horas. Estará dirixida polo doutor Plácido Castro, Médico de Familia e especialista en Nutrición. Terá lugar no local da Asociación de Veciños Leticia de Sanguñeda con entrada de balde ata completar aforamento.

### Serán en Cela

O Centro Cultural Celado, na parroquia mosense de Cela, acolle o IV Serán Celado-Cela que se celebrará o sábado 30 de abril a partir das 21.30 horas.

Dende a organización animan a tódolos interesados a participar nesta velada durante a que pode bailar, cantar e debullar.

## A Piscina Municipal de Mos acolle a quinta edición do Campionato de Natación Escolar Val da Louriña

**Celebrarase o 7 de maio e o prazo de inscrición remata o 30 de abril**

A Piscina Municipal de Mos acolle a quinta edición do Campionato de Natación Escolar Val da Louriña

Celebrarase o 7 de maio e o prazo de inscrición remata o 30 de abril

O Club Natación Mos xunto co Concello de Mos organiza o V Campionato de Natación Escolar Val da Louriña que se celebrará o vindeiro 7 de maio na Piscina Municipal mosense sita no Pavillón Óscar Pereiro.

Dende o Club Natación Mos informan de que este campionato está programado para nadadores non federados e non inscritos en clubs de natación, que teñen de prazo de inscrición ata o día 30 de abril.

Todas as nenas e nenos que desexen participar deberán entregar a folha de inscrición na Piscina Municipal os luns, mércores

e venres en horarios de 08.00 horas a 14.30 horas e de 16.00 horas a 22.00 horas; os martes e xoves ininterrompidamente de 08.00 horas a 22.00 horas e o sábado de 10.00 horas a 12.45 horas e de 17.00 horas a 20.00 horas.

O límite de prazas de participación é de 140 e serán adjudicadas por orde de entrada da solicitude de inscrición.

Esta competición consta de catro categorías mixtas: na primeira competirán nenos e nenas de 6 e 7 anos de idade nados nos anos 2009 e 2010 realizando unha proba de 25 metros crol, na segunda categoría os/as nados/as en 2007 e 2008 con 8 e 9 anos de idade e realizando unha proba tamén de 25 metros crol; na terceira incluíranse os de 10 e 11 anos nados en 2005 e 2006 e que realizarán unha proba



de 50 metros crol; e por último a cuarta categoría incluírá ós rapaces/as de 12 e 13 anos de idade nados en 2003 e 2004 e que farán tamén a proba de 50 metros crol.

O día da celebración do campionato abríranse as portas da piscina ás 16.15 horas da tarde, mentres que a competición dará comezo ás 17.00 horas. A exposición da lista de tempos dos na-

dadores/as participantes expóñase no taboleiro da piscina.

Todos os participantes deberán acudir equipados con óculos de natación, gorro e calzado de piscina, e bañador.

Ó remate das probas realizárase a entrega de premios, consistente en diploma e agasallos para todos os participantes e medallas para os tres primeiros clasificados por categoría e xénero.

### 48 novos empregos co PIE Mos 3.0

a semana pasada finalizaron varias accións formativas do PIE, tales como o de operacións básicas de cociña, operario/a de almacén e o de reciclaxe para persoal administrativo. 14 das 28 persoas que realizaron estes tres cursos están a facer prácticas en diversas empresas dos respectivos sectores.

Desde que arrancou o Plan Integrado de Emprego, Mos 3.0, o pasado 1 de setembro de 2015, 48 persoas traballaron e 43 realizaron e finalizaron prácticas en empresas de diversos sectores. Foron prospeccionadas máis de 100 empresas e entidades.

Ademais, realizáronse un total de 29 accións formativas cunha media de participación de 12 persoas por curso. O número total de persoas usuarias do PIE é de 90.

## LOURIÑA

SALCEDA DE CASELAS

## O Concello de Salceda súmase á “Areola Solidaria”

O Concello de Salceda de Caselas, a través das Concellarías de Benestar Social e Sanidade que dirixen Tere Pérez e Loli Castiñeira respectivamente, súmase á iniciativa denominada “Areola Solidaria”, impulsada dende AMEPO (Asociación de Micropigmentación Estética, Paramédica e Oncolóxica), que pretende concienciar á poboación e aos organismos sanitarios públicos da importancia da micropigmentación oncolóxica nas pacientes que sufriron cancro de mama.

A reconstrución da areola ten un custo duns 600 €. Dende AMEPO facilítase o traballo de xeito gratuito e, no caso de Salceda, o Concello será o encargado de asumir o material preciso para o proceso. A técnica empregada é a denominada “hiperrealismo”, coa que se fai unha areola con pezón en tres dimensións. A encargada de levar a cabo as reconstrucións será Menchu Carpenle, técnico especialista en micropigmentación paramédica e oncolóxica con máster en micropigmentación oncolóxica, que conta con consulta en Salceda. As beneficiarias do programa serán as mulleres con situacións económicas que non lles permitirían acceder ao servizo doutro xeito. As mulleres do municipio que desexen acollerse



a esta iniciativa poderán informarse dos trámites a seguir nas Concellarías de Benestar Social e Sanidade.

Actualmente a sanidade pública non cubre a reconstrución de areolas postmastectomía mediante a micropigmentación. Nesta reconstrución non se implanta a areola mamaria, de maneira que a paciente vese afectada psicolóxicamente. Mediante a micropigmentación oncolóxica aumeéntase a autoestima da muller ó devolverlle a imaxe do seu peito totalmente reconstruído e constatando así que o final da súa enfermidade chegou.

Sen dúbida, as pacientes que

sufriron un cancro de mama saben que despois da reconstrución que practica o/a ciruxano aínda existe un paso posterior para superar definitivamente a enfermidade: fálalles a areola ou a cor da mesma. No espello séguense vendo incompletas aínda que a reconstrución do peito mellorase sustancialmente a situación inicial. Dende AMEPO reivindicamos a labor de crear areolas idénticas ás das mamas sanas, reproducindo incluso a aparencia rugosa desa área que rodea a areola.

Loli Castiñeira, Concelleira de Sanidade: “Lamentablemente o Sistema Sanitario Público nun dá

cobertura a esta reconstrución tan importante para a autoestima das mulleres. Iniciativas como as de AMEPO, neste caso a través da nosa veciña Menchu Carpenle, van atopar sempre o apoio do Concello de Salceda de Caselas”.

Tere Pérez, Concelleira de Benestar Social e Igualdade: “É fundamental que as mulleres que pasan por este difícil trance poidan pechar este capítulo tan doloroso, e sen dúbida esta iniciativa contribúe enormemente a que así sexa. Animamos a tódalas mulleres nesta situación a achegarse ata o Concello e informarse sobre este importante programa”.

## A poboación de Salceda crece

O Instituto Nacional de Estatística ven de facer públicos os datos de poboación do último exercicio, establecendo en 8.914 a cifra de habitantes empadroados no Concello de Salceda a 1 de xaneiro de 2016. Salceda alcanza así a cifra de poboación máis alta da súa historia, certificando un crecemento continuado nos últimos anos, que se establece nun 20% nos últimos 20 anos, xa que o Concello contaba con 7.402 habitantes a 1 de xaneiro do ano 2.006.

A franxa de idade con maior peso é a comprendida entre os 35 e os 45 anos, na que se sitúa o 22% da poboación. Por outra banda, non podemos esquecer que estamos a falar do Concello coa idade media máis nova de Galicia, contando nestes momentos con 1663 nenos e nenas de 0 a 15 anos (18,56%).

Varias son as causas que contribúen a este crecemento. Salceda conta con unha ubicación que a favorece, por estar a menos de media hora de Vigo, e a dez minutos da fronteira con Portugal, o que fai que moitas persoas a escollan como lugar de residencia pola súa boa comunicación.

Por outra banda, a continúa creación de servizos e infraestruturas para todos os públicos e con especial fincapé nos máis cativos nos últimos anos fai que sexan moitas as parellas novas que se muden ao municipio: Casa da Cultura, Casa da Música, Comedor Escolar, Aula Matinal, Servizos de Logopedia, Sendas... Deste xeito, Salceda deixou de ser unha cidade dormitorio de Vigo para pasar a ser un municipio con vida propia e coas Prazas e Parques ategados de xente cada día da semana.

Marcos Besada, Alcalde de Salceda: “Cada un dos habitantes cos que contamos son a mellor razón para seguir a traballar na construción da Salceda que soñamos. Sempre é unha boa nova ver como a nosa poboación medra día a día e se amosan satisfeitos da súa vida en Salceda”.

## Salceda acomete melloras nas rúas do casco urbano

O Concello de Salceda de Caselas, a través da Concellaría de Vías e Obras que dirixe Miguel González, está a acometer obras de mellora en diversos viais do casco urbano. Concretamente estase a proceder ao asfaltado do novo vial aberto entre a Praza de Abastos e o barrio da

Pedra, así como á mellora das aceras na Rúa Brasil. O grupo de obras completárase coa mellora da estrada entre a Devesa e a parroquia de Entenza, que se acometerá tamén nos vindeiros días. Estas melloras ascenden a un total de 31.650,60 €, financiados íntegramente pola Deputación de Ponte-

vedra dentro do programa PPOS 2015.

No caso do vial que une a Praza de Abastos e o barrio da Pedra, este atópase na actualidade en terra, xa que estamos a falar dun enlace creado fai pouco tempo polo Concello de Salceda. Con esta actuación levarase a cabo o asfaltado do mesmo, e aproveitarase para colocar previamente as tuberías de abastecemento de auga e alumado público, coa creación ademais de dúas arquetas de rexistro para esta rede de alumado.

A segunda actuación, na rúa Brasil, pretende homoxeneizar a rúa, tanto na sección da plataforma como na súa tipoloxía. Existen tramos de acera en formigón, que se acondicionarán coa mesma baldosa que hai no resto

da rúa, mellorando así o seu uso por parte dos peóns. Aproveitarase ademais para incluír os poucos servizos que non existen en ditos tramos, como as tuberías de abastecemento e alumado público. Por outra banda, na zona superior da rúa a acera é moi estreita, polo que se procederá tamén á súa ampliación.

No último caso, entre a Devesa e Entenza, realizaranse ensanches localizados que amplíen a plataforma e, no tramo en peor estado, fresar e pavimentar o vial por completo, xa que se atopa moi deteriorado. A actuación completárase eco bacheado do vial nas zonas nas que sexa preciso.

Para a realización destas obras, adxudicadas á empresa Construcións Vale, estableceuse un prazo de dous meses.



## Salceda bota a andar un proxecto de alfabetización de inmigrantes



A Concellaría de Benestar Social do Concello de Salceda, dirixida por Teresa Pérez, ven de botar a andar un novo proxecto social, neste caso dirixido á poboación inmigrante. Grazas á financiación achegada pola entidade La Caixa, dez persoas chegadas de Marrocos e Irak están a recibir sesións de axuda co galego, contribuíndo deste xeito á súa integración efectiva na vida da vila.

No acto de inauguración estiveron presentes Marcos Besada, Alcalde de Salceda, Teresa Pérez, Concelleira de Benestar Social, Jose Manuel Ferreira, director da oficina de La Caixa en Salceda,

así como as monitoras que se encargarán de levar a cabo o proceso.

O Concello de Salceda conta na actualidade con máis de 300 veciños e veciñas procedentes de Marrocos, polo que actividades deste tipo resultan de grande importancia no municipio. As clases plantexan un proceso de ensinanza-aprendizaxe lingüístico que sexa funcional, útil, lúdico e non meramente descriptivo, de modo que a lingua sexa usada como instrumento de comunicación nas diferentes situacións da vida diaria. Así, estase a promover a aprendizaxe do galego como vehículo indispensable

para a integración.

Para acadar os obxectivos, desenrolaranse actividades de nahono, un método de escritura para persoas inmigrantes de lingua árabe, traballando contidos como a lectoescritura, a coordinación grafomotriz e convenções ortográficas, contidos lingüísticos con incidencia nos verbos máis empregados na vida diaria, e outros contidos léxicos e culturais (nomes de produtos, sistema monetario, días da semana, meses do ano, cores...)

As sesións estanse a desenvolver no CDL do Torrón, os mércores e os venres, da man da empresa Edukatil, de Salceda.

## O PSOE pide consenso sobre a zona industrial de O Cerquido

A voceira socialista segue incidindo na necesidade urxente de planeamento da zona de O Cerquido, "era un punto do noso programa e seguimos defendendo a ordenación da zona industrial espontánea, para que teña as características de polígono industrial e as empresas poidan realizar a súa actividade coa seguridade xurídica necesaria, crecer e permitir a instalación de novas empresas, dinamizando así o tecido empresarial".

O que non defendemos dende o grupo municipal socialista foi a forma de facelo, onde se adscribía un terreo de Rede Natura á zona industrial en solo rústico, con un único e claro beneficiario que era a empresa que mercou terreos a baixo custo e que dese xeito tería ese chan con moito

máis valor na zona industrial.

Xa na comisión informativa como no propio pleno deixamos clara a nosa posición a través do voto particular, "futuro polígono industrial si, especulación non". A iniciativa que presentamos con este voto era transparente e clara, ordenar a zona industrial, sen a inclusión do terreo de Rede Natura que non vai a proporcionar máis postos de traballo, porque nela non se pode actuar. "Que non se aprobase tal como o Sr. Alcalde o presentou, non quere dicir que haxa que deixar morrer un asunto de vital importancia para o noso concello", afirman dende o grupo municipal.

A voceira insiste unha vez máis "dixeno dende un primeiro momento, o goberno terá o noso apoio en todo aquilo que sexa bo



para Salceda e rexeitaremos o que non, e dende logo non apoiaremos nunca movementos especulativos, nin nos venderemos a intereses urbanísticos, como se pretendía aprobando o planeamento de O Cerquido deste xeito", recalca Verónica Tourón.

Os socialistas fan un chamado para traballar conxuntamente no seno da corporación municipal e que se realice este planeamento contando con todos os grupos, abrindo un proceso informativo, de diálogo e de consenso, e tamén de interlocución

cos interesados. "Apoiaremos un proxecto claro, participativo e transparente. O goberno, co Sr. Alcalde á cabeza, ten que sentarse a dialogar e tentar de chegar a un consenso, nun tema tan relevante e importante como é a zona industrial de O Cerquido".

Considerando a importancia deste asunto para o futuro de Salceda, os socialistas acaban de rexistrar unha moción para a creación dunha comisión informativa especial, para tratar este asunto de forma específica e facelo con extremo rigor. Aseguran, se porán a traballar para que así sexa e se realice o traballo baixo estas premisas. "Tendemos a man a un traballo conxunto, rigoroso, claro e transparente, onde non existan prácticas especulativas e se vaia co interese xeral por diante"



Comunidades, Colegios, oficinas  
crisalerías, moquetas, abrillantado  
de suelos, primeiras obras,  
limpeza de fachadas

Rúa As Lavandetras, 3 Bajo  
36860 PONTEAREAS  
Telf. y Fax: 986 661 052



Distribución Oficial para:  
CALEFACCIÓN, INDUSTRIAL E AUTOMOCIÓN  
-SERVIZO A DOMICILIO-



Tlf. e Fax: 986 61 43 12  
Rosalia de Castro, 3 A GUARDA  
Tlf.: 986 66 13 90 - Fax: 986 66 13 89  
Rúa Real, s/n PONTEAREAS

## BAIXO MIÑO

TUI

# No Cow on the Ice de Eloy Domínguez Serén gaña o Play-Dock

Play-Doc Festival Internacional de Documentais celebrou entre os días 13 e 17 de abril a súa duodécima edición. O galardón da sección oficial recaeu en No Cow on the Ice, de Eloy Domínguez Serén, xove cineasta galego emigrado en Suecia. O xurado composto polo crítico luso Nuno Lisboa, a directora do festival de Sarajevo Pravo Ljudski e a realizadora afroamericana Akosua Adoma Owusu decidiuse por esta película que “despreza as complexidades da realidade da que o cineasta é parte, ao tempo que busca a súa propia linguaxe cinematográfica”. Engade que Serén “desafía o cinema ao se enfrontar a problemáticas difíciles mediante decisións cinematográficas honestas”.

Pola súa banda, o xurado da crítica internacional CAMIRA, conformado por Mireia Inieta (España), Raquel Schefer (Francia) e Luís Mendonça (Portugal), decantouse por Le terrain, de



Bijan Anquetil. A cinta é o honesto retrato dunha comunidade xitana ao longo dun ano, á espera de ser realoxada noutro

lugar.

Tamén se concedeu unha mención especial nesta categoría a Occidente, de Ana Vaz. A autora

brasileira aborda neste traballo o colonialismo cunha metodoloxía poética e un tratamento estético moi vangardista.

## 03 de maio comeza en Tui un curso de Monitor de Fútbol Base

O martes 3 de maio comezará a impartirse en Tui un curso de Monitor de Fútbol Base organizado pola Federación Galega de Fútbol en colaboración co Concello de Tui. Impartirase os martes e xoves de 19.30h a 23h ata finais do mes de xuño, aínda que este horario poderíase modificar en función das preferencias do grupo. No mesmo poden participar todos os interesados, a partir dos 16 anos, para o que se deben inscribir na páxina da Federación Galega no apartado de Adeptadores, na sección Escola. O prezo do curso é de 150€.

Na presentación desta actividade formativa Laureano Alonso, concelleiro de Deportes, salientaba o interese deste curso para os clubs de Tui e da comarca. O director da Escola Galega de Adeptadores, Manuel Mosquera destacou o éxito do anterior curso celebrado en Tui, e apuntaba que se está creando o caldo de cultivo para que en 2017 se poida convocar esta zona coma UEFA B.

## 01º de maio celébrase o I Trail Monte Aloia

O domingo 1 de maio celébrase o I Trail Monte Aloia organizado pola Asociación Cultural Comisión de Festas Virxe das Dores de Guillarei en colaboración do Concello de Tui. Esta proba deportiva foi presentada esta mañá na casa do concello polo concelleiro de Deportes, Laureano Alonso, o presidente da Entidade Local Menor de Pazos de Reis, Enrique Pérez, e por parte da asociación organizadora Rafael Estévez e José Villaverde.

Esta mañá na presentación o concelleiro de Deportes, Laureano Alonso, salientou o feito de que este evento deportivo estea organizado por unha asociación cultural que asume tamén a organización das festas parroquiais de Guillarei, así coma que o percorrido transcorre polo Parque Natural do Monte Aloia, lembrando que este foi o primeiro parque natural de Galicia.

O presidente da Entidade Local Menor de Pazos de Reis, Enrique Pérez, amosou a súa satisfacción

por contar con este evento na parroquia, agardando que o público acuda porque vai ser un bo espectáculo deportivo.

Rafael Estévez, da Asociación Cultural Comisión de Festas Virxe das Dores de Guillarei, explicou que este será un evento máis que organicen dende este colectivo. O seu compañeiro José Villaverde, explicou que nos últimos anos os trails están tendo moito auge, e tras participar en varios tanto a nivel nacional coma internacional, e adestrar para eles no Aloia, apostaron por realizar tamén un en Tui. Abondaba en que esta primeira edición é un punto de partida nun evento que, a medio prazo, agardan se poida converter nunha proba de referencia tendo en conta o valor engadido que ten ao transcorrer por territorio do Parque Natural do Monte Aloia.

O Trail constará dun percorrido de 25 quilómetros polo Parque Natural do Monte Aloia cun desnivel de 1.400 metros. No traxecto, con dous ascensos, os participantes pasarán polo Alto



do Castro dos Cubos, os muíños do río Tripes, a senda de Cabana-Cabaciñas, a Pedra do Acordo, o río Deique, os Muíños de Paredes, o alto de San Fins,... con tres avituallamentos ao longo do percorrido. A saída será ás 9h dende as instalacións deportivas da Macoca, en Pazos de Reis. Amais celebrarase tamén un minitrail con 15 quilómetros de percorrido e 800 metros de desnivel

que sairá ás 9.30h do mesmo punto que o trail, e fará parte do percorrido do trail. A entrega de premios, tanto para a categoría absoluta coma en veteranos, está prevista ás 13h.

A inscrición para participar tanto no Trail coma o Minitrail está aberta ata o próximo martes 26 de abril ás 23.59 a través da plataforma ChampionChip. Ata este xoves 21 o prezo é de 14

euros para o Trail e 10 euros para o Minitrail. Logo desa data estas cuotas se incrementan en 4 euros. Os interesados poden ampliar esta información en [www.trailmontealoia.com](http://www.trailmontealoia.com) ou na súa páxina de Facebook. Ata o momento teñen xa máis dun centenar de inscritos principalmente da provincia de Pontevedra e do Norte de Portugal, pero tamén de Madrid ou Las Palmas.

# ACUBAM da a coñecer as innovación no sector da planta ornamental e campo

Por primeira vez a Mostra Cultivos do Baixo Miño contou cun stand de innovación destinado a promover a competitividade empresarial en Galicia e Norte de Portugal. Un espazo no que as empresas expositoras puideron presentar as súas primicias, tanto de produción coma de distribución de planta ornamental e maquinaria auxiliar.

En concreto, nove foron as empresas que presentaron interesantes innovacións. Segundo os datos facilitados por Acubam (Asociación Cultivos do Baixo

Miño), organizadora da mostra, a firma Xargal presentou un decantador de grava con medidor de temperatura, cloro e PH. Hifas da Terra presentou árbores micorrizadas de gran porte para cultivo de boletus e níscales, Verdeneiva (de Alvaraes. Portugal) presentou atractivas plantas en vaso.

Pola súa banda, o viveiro Cultivos Casaíta expuxo tres plantas de tronco en espiral: Ficus Buda, Domando Egos e Arce. Río Tollo presentou unha hortensia que florece catro veces ao ano, chamada Magical Four Seasons.



A firma Plan IdGa levou ao stand novas cores e formas de plantas en maceta coma a surfinia, o tulipán "Barcelona" e o "World Favorite"; xeranos con tonalidades diferentes e resistentes a enfermidades, ademais doutros híbridos interpacíficos que son cruce de zonal e peltatum.

Raiz da Terra (de Vila Praia de Áncora. Portugal) presentou unha nova variedade de planta orixinaria de Irlanda, apta para climas fríos, "Crisaline green",

e Viveiros da Barxa dúas gramíneas ornamentais, Festuca Glauca e Uncinia Rubra.

Por último, entre as empresas auxiliares do campo, Talleres El Milagro sorprendeu aos agricultores cun soprador eléctrico de mochila, con importantes mellores de suxección e comodidade de apagado e encendido desde as empuñaduras.

A 13ª Mostra Cultivos Baixo Miño, pechou deste xeito as súas portas cun balance moi positivo: máis de 3000 visitantes e

un incremento dos contactos comerciais superior ao 40%.

Outro punto forte desta edición foron as conferencias, ás que asistiron unhas 300 persoas relacionadas co sector, propiciando un ambiente profesional na mostra. Antón Vázquez, inspector de Sanidade Vexetal, impartiu unha charla que suscitou multitude de preguntas entre os asistentes, amosando a preocupación do sector agrícola pola situación fitosanitaria actual.



## Tomiño pide a colaboración cidadá para elaborar un catálogo de árbores senlleiras.

**A ferramenta terá coma fin, ademais do coñecemento do patrimonio natural, a protección de diferentes especies autóctonas.**

O Concello de Tomiño está a por en marcha un inventario de árbores senlleiras no territorio municipal a desenvolver na primavera de 2016, coa fin de coñecer e protexer exemplares de árbores de diferentes especies, tanto autóctonas como exóticas, que por mor da súa antigüidade, historia, beleza ou rareza, merezan ser especialmente conservadas, ao tempo que postas en valor desde os puntos de vista ecolóxico, educativo, social e mesmo turístico.

"Neste Catálogo de Árbores Senlleiras preténdese recoller os exemplares máis sobranceiros de todas as especies de árbores autóctonas, xunto con destacados exemplares cultivados de árbores exóticas, sempre que estas non representen unha ameaza para o

medio ambiente", explica Lois Vázquez, concelleiro de Medio Rural.

Exemplos destacados entre as árbores autóctonas poden ser o estripeiro da praia fluvial xunto á Fortaleza de San Lourenzo ou as sobreiras da capela de San Roque, mentres que entre as exóticas se poderían citar as catalpas da praza de Tebra, o plataneiro de sombra de Liñares ou o rododendro arbóreo de S.Salvador de So-brada.

Conscientes das dificultades de prospectar palmo a palmo toda a superficie do municipio, o Concello fai un chamamento á poboación, nestes días están enviándose cartas á veciñanza, co fin de recoller información sobre exemplares destacados de calquera especie autóctona e pés

sobranceiros de árbores exóticas.

Calquera dato ao respecto, coa localización máis exacta posible, pode ser enviado ao enderezo [mx.vazquez@concellotomino.com](mailto:mx.vazquez@concellotomino.com) ou [lois.vazquez@concellotomino.com](mailto:lois.vazquez@concellotomino.com), notificado por carta a Casa do Concello, Praza do Seixo, 1, 36740 Tomiño, ou por teléfono no 986 622003, ás concellerías de Medio Ambiente ou Medio Rural.

"O catálogo será ademais unha ferramenta de xestión que permita adoptar as medidas preventivas necesarias para conservar estes exemplares, mellorar o seu entorno cando isto sexa necesario e contribuír a protexer a diversidade natural de árbores autóctonas", sinala Vázquez.

A estes fines súmase a divulgación do propio catálogo; nunha

segunda fase está previsto elaborar unha publicación áxil e sinxela, entendendo que a difusión do coñecemento sobre os propios

recursos naturais é a mellor contribución a súa conservación e revalorización recreativa e turística.



## BAIXO MIÑO

## TOMIÑO

## O Concello de Tomiño, primeiro municipio rural que presenta un plan de accesibilidade

O Concello de Tomiño vén de presentar esta mañá o plan de accesibilidade que contempla a intervención en diferentes puntos do municipio como torreiros, prazas, parques, zonas de aparcadoiro, zonas peonís, paseos fluviais, zonas escolares, cemiterios, ou edificacións municipais.

O proxecto responde a unha iniciativa da Asociación de Persoas con Discapacidade "Vontade", cuxa sede se atopa no barrio da Rocha-Tomiño, que analizou lugares do municipio con maior afluencia de persoas.

A idea foi suxerida por usuarios do colectivo nunha edición do Concello Escoita celebrado na parroquia de Santa María de Tebra. Á raíz daquela suxerencia por parte de usuarios de Vontade, procedeuse a analizar os espazos e xestionar o plan de mellora de accesibilidade que finalmente se presentou esta mañá. A presentación contou coa presenza de boa parte dos usuarios e usuarias do colectivo Vontade que non quixeron perderse este evento de relevante para eles.

O Concello pola súa parte, ten incluído medidas de accesibilidade en todos os proxectos executados. Así intervencións en espazos e instalacións mu-

nicipais como a Aula Antonio Fernández, auditorio e pabillón de Goián, o mercado municipal ou a praza do Seixo e a Casa Consistorial son accesibles aos veciños e veciñas en igualdade de condicións independentemente das súas particularidades físicas.

O plan de accesibilidade é un proxecto pioneiro en Galicia xa que recolle intervencións en espazos rurais e polo tanto núcleos dispersos.

Anxo Queiruga, Presidente de COGAMI, destacou a importancia deste proxecto. Queiruga mostrou a súa lección por "levar a cabo medidas desta índole en concellos rurais, e facelo cun plan ambicioso no que non só se contemplan intervencións en espazo urbanos senón en áreas de usos público nas parroquias". O Presidente de COGAMI, ademais, resaltou que "as melloras de accesibilidade son melloras para o conxunto da cidadanía, e polo tanto a accesibilidade é un tema transversal".

Uxío Benítez, Concelleiro de Planificación Territorial, Facenda e Proxectos Estratéxicos e Deputado Provincial responsable da área de Mobilidade, lembrou "o novo concepto de mobilidade que dende a Deputación se ven implementando



respecto das actuacións do órgano provincial". Segundo Benítez, "o pasado 29 de xaneiro o pleno provincial aprobou un decálogo de criterios de estradas provinciais que parten da base de que a prioridade son as persoas por riba dos vehículos. En función deste decálogo, os proxectos provinciais teñen que dar prioridade á seguridade,

igualdade e accesibilidade das persoas".

A Alcaldesa, Sandra González, agradeceu o compromiso e labor feita dende a Asociación Vontade e dende o departamento provincial de COGAMI. A Alcaldesa destacou "a importancia deste proxecto que busca intervir en todas as parroquias para chegar ao maior

número de veciños e veciñas". Segundo González "o Concello leva varios anos contemplando medidas de accesibilidade en todos os proxectos que temos executado e proba diso é que recentemente, na Casa Consistorial, todos os veciños e veciñas independentemente das súas capacidades físicas entran pola porta principal".



## A GUARDA

## A Xunta elimina unha partida de 3.641.526€, destinada a VAC Tui-A Guarda, dos Fondos Europeos de Compensación Interterritorial

Ninguén que coñeza o Baixo Miño ten dúbidas de que unha das necesidades máis urxentes da Guarda e O Rosal é rebaixar o tempo de viaxe ata conectar coa autopista principalmente para diminuír o tempo de viaxe a Vigo.

Os enlaces dende A Guarda coas autopistas, tanto coa AG-47 por Baiona como a A-52 por Tui, atópanse a media hora en coche como mínimo. Chegar a Vigo dende A Guarda leva unha hora, a Pontevedra unha hora e cuarto e dúas horas a Santiago. Estamos lonxe das grandes cidades en distancia e en tempo.

A mellora das estradas que levan ata A Guarda é unha prioridade dende o punto de vista da igualdade de oportunidades, temos dereito a mellorar o acceso aos servizos sanitarios, aos centros educativos, a universidade e aos principais centros de traballo. Temos dereito, en resumo, a reducir o tempo de viaxe ata Vigo, a nosa cidade de referencia no eido sanitario, educativo, cultural e laboral.

Esta necesidade parecía que fora entendida polo Conselleiro de Política Territorial Alberto Núñez Feijoo no 2004 que aprobou o proxecto da VAC (Vía de Alta Capacidade) Tui - A Guarda.



Hoxe, despois de 12 anos, sendo Feijoo presidente, dos 24,5 km proxectados solo se executaron 10 km. O peor é que a obra vaíse retrasando ano tras ano sen que, a día de hoxe, teñamos unha data para o seu remate. Incluso vendo a actitude de Xunta respecto deste vial da a impresión de que non ten intención de executalo.

Dende o comezo da lexislatura o Alcalde da Guarda, Antonio Lomba, solicitou dúas veces por escrito, nos meses de xullo e outubro, e varias veces máis por teléfono, unha reunión coa Conselleira de Infraestruturas e Vivenda, Ethel Vázquez, para falar principalmente dos prazos

de execución da VAC. Ata o momento a Conselleira non tivo a ben recibir ao Alcalde da Guarda.

Hoxe recíbese na Guarda unha triste noticia relacionada coa VAC Tui-A Guarda: o Ministerio de la Presidencia informa duns expedientes de substitución de proxectos na Comunidade Autónoma de Galicia, nos que unha partida de 3.641.526 € dos Fondos Europeos de Compensación Interterritorial que tiñan como destino a VAC son desviados para o Desdobramento do Corredor do Morrazo por acordo entre a Dirección General de Fondos Comunitarios e a Consellería de Infraestruturas e Vivenda.

## Teatro familiar no Centro Cultural

No Centro Cultural guardés tivo lugar unha nova representación teatral, que nos amosou nesta ocasión unha proposta pensada fundamentalmente para os nenos posta en escena polo grupo de teatro amateur Eu.Experimento, do Instituto Camões en Vigo.

“O Conto das tres nozes, que eram romas, que eram maçãs, que eram...” é o segundo espectáculo do Grupo Amador de teatro Português Eu.Experimento. A peza pensada para as familias está baseada no conto da tradición oral “As tres nozes” e nas súas múltiples versións, que nun traballo de creación conxunto propón unha nova versión da

historia, que divertiu os máis pequenos da casa e tamén ós seus pais.

O instituto Camões en Vigo é un centro de aprendizaxe e avaliación oficial da Lingua portuguesa. Os alumnos de portugués utilizan o teatro para familiarizarse coa lingua que están aprendendo. Con esta intención pedagóxica xurdiu o este grupo de teatro, e os seus resultados neste senso sempre foron máis que satisfactorios.

A presenza desta obra no Centro Cultural de A Guarda foi posible gracias á colaboración do IES A Sangriña e o seu departamento de portugués.



# Practica A Guarda

## BAIXO MIÑO

## A GUARDA

## Éxito do Certame de microrelatos da Biblioteca

Coa entrega de agasallos por parte do Alcalde da Guarda daba comezo a mostra na que se poderán ler os traballos recopilados.

Dentro das actividades programadas para conmemorar abril como Mes do Libro na Biblioteca Municipal, a Concellería de Cultura convocou un certame de microrelatos no que se animaba ós interesados en escribir e contar historias a que presentaran ás súas propostas nun formato breve, que non superara as 150 palabras.

Esta convocatoria non tiña carácter competitivo, desexando simplemente outorgar ás “almas escritoras” a posibilidade de compartir co público as súas historias e inquedanzas, xa que tralo período de presentación de traballos, estes quedarían expostos no Centro Cultural. O que si contemplaba a convocatoria era un pequeno agasallo, como compensación ó esforzo, para os participantes. Estes agasallos - que pola natureza do concurso estaba constituído por libros- foron entregados onte polo pro-



prio Alcalde da Guarda, Antonio Lomba ós 44 escritores de todas as idades.

A gran parte dos participantes foron nenos de entre 9 e 12 anos, aínda que tamén houbo nenos máis pequenos e adultos.

A Concellería de Cultura e a Biblioteca Municipal móstranse enormemente satisfeitas polo

éxito que acadou a iniciativa, o que agradecen tanto ós participantes como ós profesores e pais que informaron e alentaron os nenos. Así mesmo invidan a tódolos guardeses a que se acheguen ó Centro Cultural para poder ler todas estas historias.

## Mostra de Pintura dos alumnos do San Xerome

Os alumnos de Educación de Adultos do taller artístico de San Xerome, impartido por Tamara Garrido Rúa, achegan ata o Centro Cultural Guardés os seus traballos. Estes poden verse dende o 7 ata o 27 de abril en horario de 10 a 13h. e de 17 a 20h.

Vinte e dúas obras pictóricas baseadas en tendencias vangardistas como o cubismo, a abstracción e o expresionismo compoñen esta exposición. As técnicas empregadas foron dis- pares, óleo sobre lenzo, acrílico sobre lenzo ou madeira e técnicas mixtas.

Nesta exposición queda patente coma o debuxo e a pintura son utilizados como un medio de expresión artística e terapéutica, usando a arte-terapia, focalizando as emocións, os sentimentos e os estados de ánimo pode funcionar tamén a xeito de aprendizaxe. Esta terapia axuda ás persoas sen ter en conta as diferentes capacidades, axuda a sentirse mellor con un mesmo e

desenrola o talento e a creatividade.

Os participantes son Bea Sobrino, Guillermo, Rosa María, Isall, AnaDiego, Brais, Ceci, Enma, Raquel, Manuel Jesus, Fabio, Marcio, Maite, Isac, Jona, Juan Maria, Fran, Victor, Pepe, Borja, Benito y Ana Belén.



# Día do libro con cinema, contos contados e exposición na Biblioteca Municipal

O 23 de abril se conmemora a nivel mundial o Día internacional do libro, no que se conmemora a data da morte de dous grandes escritores: William Shakespeare e Miguel de Cervantes. Bibliotecas e diferentes organismos celebran eventos en torno a esta data, na Guarda escollimos sumarnos con diferentes actividades, esperando agradar ós diferentes gustos e públicos: eventos que gusten ós

Cinema “Os Miserables”, co sorteo dun exemplar da novela de Víctor Hugo

O venres 22 ás 21h. proxectarase no Salón de Actos do Centro Cultural esta gran produción en formato musical. Protagonizada por Hugh Jackman y Anne Hathaway, conséguese facerse con 3 estatuillas dos Óscar e numerosos premios internacionais (Globos de oro, Bafta e outros). Baseada na famosa novela de Víctor Hugo, a cinta nos traslada ó París do século XIX, e nos conta a historia de Jean Valjean (Hugh Jackman) e o seu particu-



lar camiño de redención dende os seus días como reo ata converterse en alcalde dunha cidade francesa.

Con ocasión da proxección sortearase entre os asistentes un exemplar da novela homónima de Víctor Hugo.

“Exposición de obras de Cervantes”

Como cada ano por estas datas

a Biblioteca mantén unha mostra na que se expoñen obras de Miguel de Cervantes, pódense ollar ata doce edicións diferentes, unha delas co texto íntegro orixinal do “Quijote” (“El ingenioso hidalgo Don Quijote de la Mancha”), acompañado por 109 ilustracións de Gustavo Doré. Outras edicións son infantís, entre elas unha edición en cómic de “Don

Quijote de la Mancha”, en 8 tomos. A exposición estará na biblioteca ata o 30 de abril.

“Contos Contados polo Día do Libro”

E como se ven facendo dende o mes de outubro, a Biblioteca celebra unha nova sesión mensual dos Contos contados, neste caso para celebrar o Día do Libro, despois da lectura do conto, os nenos participarán dun obradoiro chamado “ANIMATE A LER”, consistente en realizar un cartaz de animación á lectura puidendo utilizar materiais diversos: goma eva, pauciños, algodón, tapóns ou refugallo. Os traballos serán expostos xunto coa mostra de microrelatos.

A sesión de Contos Contados será esta vez as 11:30 da mañá.

Presentación do diccionario “Antología del Mar en la literatura”

E para rematar, na vindeira semana, o venres 29 de abril presentárase o libro “Antología del mar en la literatura”. Unha obra

que recolle todo o compendio de termos mariñeiros que se poden atopar nas principais obras literarias que teñen o mar como escenario.

Este diccionario, recopilado por Emilio Barrenetxea xurde coa intención de facilitar ó lector non avezado no mundo marítimo a comprensión dos términos mariñeiros tan específicos. Términos como afoscar, collada, derrelicto, embicazo, fugada, galeno, hamacarse, e un largo etcétera, que foron recopilados trala lectura dos grandes clásicos da literatura sobre o mar como “Sinbad o marino”, Moby Dick, “O espello do mar”, de Joseph Conrad, o “El negro del Narcisus”, entre outros tantos.

Un amplo traballo que é completado con debuxos e coas obras pictóricas do pintor Juan Garcés. E que sen dúbida terá unha calurosa acollida nunha vila tan apegada ó mar como a nosa.

A presentación terá lugar a cargo do propio escritor na Ataída da Guarda ás 20:00h.

## Ana Miranda visita a Foz do Miñor

A representante do Bloque Nacionalista Galego no Parlamento Europeo realizou o pasado sábado 16 unha visita á Foz do Miñor, interesándose polos problemas de contaminación que se veñen producindo de xeito continuado neste espazo natural, que forma parte da Rede Natura 2000 desde o ano 1.999. No 2.007 incluíuse no Plan Xeral de Explotación Marisqueira de Galiza como zona C, polo que non é posíbel a explotación marisqueira da mesma.

Moitas foron as agresións que sufriu a Foz do Miñor, xa desde o auxe do turismo no Val Miñor. Ocupáronse as beiras, canalizando parte do seu percorrido, namentres tampouco se establecían medidas correctoras no relativo ao saneamento. O que debería ser un referente medioambiental na comarca representa hoxe un espazo degradado no que está a desaparecer a flora e fauna e no que non é posíbel unha actividade económica de marisqueo, coa conseguinte perda de postos de traballo.

Na visita Ana Miranda atendeu as reivindicacións do Presidente da Asociación de Veciños A Unión e a Cofradía de Pescadores de Baiona, impulsores da constitución dunha Plataforma de apoio ao río e a Foz do Miñor. Correspondeu ela expoñendo o traballo que vén desenvolvendo o Bloque Nacionalista Galego en Bruxelas para acadar o saneamento inte-



gral das rías galegas.

Xa no 2013 unha delegación da Unión Europea visitou as nosas rías, co fin de elaborar un informe que o Partido Popular tentou descafeinar e alonxar da realidade medioambiental. Só o empeño do Bloque Nacionalista Galego, a través do incasábel traballo de Ana Miranda, impediu que se aprobase un texto rebaixado na análise e nas conclusións.

A visita, á que tamén asistiron os concelleiros do BNG no Val Miñor e representantes dos seus consellos locais, realizouse na

contorna do Camping Baiona Praia e nas marxes do río Miñor na Xunqueira. Puideron comprobar os asistentes a situación de deterioro que sigue a producirse e a degradación do ecosistema que provoca e a perda de calidade medioambiental en xeral.

Ana Miranda comprometéuse a trasladar ao Parlamento Europeo todas as propostas que xurdan no seo da plataforma veciñal, en aras de acadar unha rexeneración que dotará de valor engadido a todo o Val Miñor. Compromiso que se subscribiu tamén a nivel municipal.

## Lourdes Alonso expón no Centro de Negocios de Porto do Molle

A artista Lourdes Alonso, usuaria do Centro Juan María de Nigrán, fixo entrega esta mañá en Porto do Molle dunha obra na que plasma a súa particular visión, con elementos primaverais, do Centro de Negocios do parque empresarial. Durante presentación do cadro, a pintora estivo arropada polo alcalde de Nigrán, Juan González, a delegada do Estado no Consorcio da Zona Franca de Vigo, Teresa Pedrosa, e o presidente do Centro Juan María, José Santoro, así como o equipo de Reporteiros en Rede, entre outras persoas.

Lourdes, de 37 anos e veciña de Nigrán, amosou o seu agradecemento polo encargo da obra, un reto no que traballou durante seis meses dadas as amplas dimensións do lenzo, de 3 metros de ancho por 1,60 metros de alto, e que agora preside unha sala de ocio no primeiro andar do edificio. O rexedor nigranense afirmou que para o municipio é

un orgullo ter un parque empresarial como Porto do Molle e un centro como o Juan María, que "está a facer un gran traballo e ao que nunca poderemos agradecer todo o que nos dá e todo o esforzo que adican educadores, familias e alumnado". Lembrou que Lourdes aínda ten pendente facer unha obra para o Concello de Nigrán e destacou que a artista xa realizou unha exposición itinerante sobre diferentes espazos da localidade dende a súa propia perspectiva. "Este é un cadro de Lourdes, pero tamén do Centro Juan María e de todo Nigrán", concluíu González.

Pedrosa, pola súa banda, aludiu ao motivo do cadro como algo simbólico, representativo do florecer de ideas dos emprendedores que integran o Centro de Negocios do polígono. "Estamos seguros de que axudará a moita xente a inspirarse e impulsar o florecemento de moitas empresas", declarou.



## NOVAS DA RAIA

## Ponte...nas ondas! mostra na Feira do Libro Infantil e Xuvenil de Bologna os traballos realizados coa colaboración do proxecto CampUSCulturae

**P**rofesoras das Escolas de Valença do Minho e do CEIP Humberto Juanes de Nigrán representaron a Ponte...nas ondas! na Feira do Libro Infantil e Xuvenil de Boloña celebrada do 4 ao 7 de abril. No stand do proxecto CampUSCulturae celebrouse, ademais, o encontro dos socios europeos do proxecto.

### Stand con mostra de traballos

No stand de CampUSCulturae expuxéronse os traballos elaborados por cada un dos socios nestes cinco anos. Ponte...nas ondas! mostrou as publicacións que ten realizado ultimamente: o libro-disco CORES DO ATLÁNTICO, a piques de saír na edición brasileira a cargo da Universidade Estadual de Paraíba. O libro-disco-dvd NA PONTE, editado xa en galego e pendente da edición a outras linguas, un dos obxectivos que a asociación ten. Ademais, mostráronse traballos das escolas en formato audiovisual relacionados co patrimonio como Celtic Roots ou o proxecto Ceibes no monte, un libro, un conto e un DVD sobre os cabalos ceibes.

### Presentación de publicación

Na Feira o proxecto CampUSCulturae presentou a publicación "Communication, Societies and Cultural Diversity: the campUSCulturae Project (2011-2016)", un libro que recolle o labor realizado no período 2011-2016, publicado, en galego, portugués, español e inglés.

CampUSCulturae é un proxecto a prol das culturas do mundo, do entendemento multicultural e do fomento da diversidade e o pluralismo. Os seus obxectivos fundamentais son promover o diálogo intercultural, a creación de plataformas de mutuo coñecemento e entendemento entre pobos e individuos procedentes de distintas culturas do mundo, a poiar proxectos de fomento das culturas ou grupos sociais menos protexidos ou en perigo de desaparición, fomentar a proxección e difusión das linguas minoritarias do mundo e, sobre todo, dar voz e presenza aos máis novos e ás obras literarias e artísticas concibidas para eles e elas desde a diversidade de linguas, estilos, xéneros e sensibilidades.



O proxecto CampUSCulturae está coordinado pola Universidade de Santiago, que tamén é un dos membros, e Ponte...nas ondas! Ademais, forman parte: Minority Studies Society STUDII ROMANI (Bulgaria), organización non gubernamental creada en Sofía en 1991 centrada no apoio, promoción e estudo dos grupos e culturas minoritarias en Europa, especialmente da co-

munidade xitana; Vigdís Finnbogadóttir Institute of Foreign Languages, da Universidade de Islandia, un centro de investigación en diversidade lingüística fundado en 2001 por Vigdís Finnbogadóttir, expresidenta de Islandia e actual embaixadora de Boa Vontade da UNESCO para a diversidade lingüística; Universidade de Lodz, unha das máis relevantes institucións

educativas de Polonia. Conta con unha prolongada experiencia en investigación sobre culturas minoritarias (non en van, Lodz é un tradicional punto de encontro entre identidades europeas); CHE Consult GmbH, unha firma de consultoría e centro de excelencia no campo da educación superior que ofrece una ampla experiencia neste ámbito.

## Comemoração do 25 de abril en Monção

**O** município de Monção celebra a passagem do 42º aniversário do 25 de abril com um programa simbólico que tem como finalidade comemorar esta importante data para todos os portugueses e reforçar os seus ideais junto das gerações mais novas.

O programa tem início às 9h30 com saudação da Banda Musical de Monção, no Largo da Alfândega, seguindo-se, meia hora mais tarde, uma sessão solene da Assembleia Municipal de Monção, no Cine Teatro João Verde, a qual engloba vários momentos.

A saber: discursos oficiais alusivos ao 25 de Abril dos partidos representados na Assembleia Municipal de Monção, entrega de votos de louvor às empresas monçanenses distinguidas como PME Líder e PME Excelência pelo IAPMEI e apresentação pública do Projeto de Requalificação Urbanística da Avenida D. Afonso III (área envolvente da antiga estação da CP).

Da parte de tarde, com início às 16h00, tem lugar uma sessão ordinária da Assembleia Municipal de Monção. Entre os pontos em apreciação e votação, consta a prestação de contas de 2015, documento aprovado, por maioria, com quatro votos a favor (PS e CDS/PP) e três abstenções (PSD) na reunião do Executivo Municipal, realizada na passada segunda-feira, 11 de abril.



As empresas distinguidas são: Adega Cooperativa Regional de Monção, CRL; Coca Hipermercados, Lda; Covas Transportes, Lda; Francisco Lourenço - Materiais de Construção e Decoração, Lda; Granitos Galvão Norte, Lda; Habimonção Construções, Lda; Heitor de Campos Amoedo, Lda; Impact Zero - Software Unipessoal, Lda; Irmãos Amorim, Lda; J. Oliveira & Domingues, Lda; Palmeira & Almeida, Lda; F. Gomes, SA; Serralharia Nova Era XXI, Lda; Sociedade Transportes Floridos, Lda; e Sociedade Artística - Manufaturas Químicas e Metálicas, Lda.

## Aroma intenso da camélia em fim de semana chuvoso

**O** projeto "Dar Vida ao Mercado" regressou este fim de semana com o "Mercado da Camélia". Devido às condições atmosféricas adversas, a iniciativa passou do Mercado Municipal para a Casa Museu de Monção/UM. O resultado não podia ser melhor. Muita afluência de público e comentários elogiosos. Em tempo de chuva, o aroma da camélia fez-se sentir com intensidade.

Com a presença de 31 expositores, larga maioria vinda de Salceda de Caselas, localidade galega que realiza certame semelhante com bastante sucesso, o "Mercado da Camélia" apresentou diversos trabalhos surpreendentes ao tacto e fascinantes ao olhar executados por mãos pacientes, hábeis e criativas. A casa Museu de Monção/UM, "decorada" com tons de alegria, "vestiu-se" jovial e colorida, transmitindo sensações agradáveis a quem entrava e percorria o espaço.





## O 28 de abril celébrase a Gala dos III Premios Martín Codax da Música no Pazo da Cultura de Pontevedra

A través dun proceso de votación on-line e privado a través da web [www.premiosmartincodaxdamusica.com](http://www.premiosmartincodaxdamusica.com), as socias e socios de Músicos Ao Vivo elixiron primeiro entre o 1 e o 27 de marzo aos 3 finalistas de cada unha das categorías existentes, que se fixeron públicos o 7 de abril durante a Festa de Nomeados que se celebrou, como cada ano, nas Bodegas Martín Códax, en Cambados. Nunha nova quenda de votacións, entre o 8 e o 20 de abril, os socios e socias de Músicos ao Vivo decidirán @s premiados de entre os tres finalistas de cada categoría. Os gañadores coñeceranse o 28 de abril no transcurso da Gala de Entrega de Premios que terá lugar un ano mais no Pazo da Cultura de Pontevedra. Para facerse soci@ de Músicos ao Vivo e poder participar nos dous procesos de votación so é

preciso ser músico e asociarse en [www.musicosaovivo.com](http://www.musicosaovivo.com).

Entre os finalistas, proxectos con traxectoria, e mesmo premiados en anteriores edicións, como Crebinsky, Davide Salvado, Wöyza ou Transilvanians; tamén moitos que repiten como finalistas, caso de Xoel López, Caxade, Dous ou Trilitrate; pero ademais moitísimos proxectos novos que entran a formar parte da gran familia de escollidos que cada ano pugna por alzarse cos galardóns.

Os 57 proxectos nomeados son: Pop e indie: Eladio y los Seres Queridos / Novedades Carminha / Silvia Penide; Rock: Agoraphobia / Foxy Freire / Martelo; Blues, funk & soul: Nastasia Zürcher / Pablo Carrera / The Lakazans; Jazz e músicas improvisadas: Alberto Vilas Quartet / Orquestra de Jazz de Galicia / Xan Campos

ESD; Hip-Hop e músicas urbanas: Sokram / The Last Minute Experience / Wöyza; Música clásica e contemporánea: The Last Man of Fukushima / Vertixe Sonora Ensemble / Zoar; Folque: Caxade / Cuarteto Caramuxo / Vaamonde, Lamas e Romero / Música tradicional galega: Davide Salvado / O Fiadeiro / Xabier Díaz & Adufeiras de Salitre; Músicas do mundo: Crebinsky / Dous / Trilitrate; Canción de Autor: Guadi Galego / Uxía & Narf / Xoel López; Música infantil: A Gramola Gominola / Brinca Vai! / Xiqui Xoque Fiú Fiú!; Electrónica: 2Pasos / Cinta Adhesiva / Croma; Metal: Aphonnica / In.Verno / Mutant; Reggae, Ska & Mestizaxe: A Banda da Balbina / Dakidarría / Transilvanians; Orquestras, grupos e música de verbena: Claxxon / Orquestra Os Modernos / Os da Ría; Coros e Grupos Vocais: De Vacas /

Sisters in the House / The Lollipops; Premio Organistrum Salas: A Arca da Noe / Aturuxo / Garufa Club; Premio Organistrum Festivais: Espazos Sonoros / Feito a Man / Nigranjazz; Premio Organistrum Espazos de Comunicación Musical: Abreteorellas / GZMúsica / Tres Peixes Voando.

O Premio Honorífico Músicos Ao Vivo á traxectoria dun/unha músic@ galeg@, que este ano foi concedido a Antón Corral, un fito na historia da música popular galega, tanto polo incansable traballo de investigación nas melloras construtivas dos instrumentos, coma polo labor de dignificación e difusión do folclore, así como por ter formado a músicos e artesáns de altísima calidade e relevancia como Anxo Lois Pintos ou Carlos Núñez, entre moitos outros.

## Compromiso por Galicia decide presentar candidatura propia ás eleccións galegas

Os afiliados e afiliadas de Compromiso por Galicia decidiron hoxe en votación presentar unha candidatura propia ás vindeiras eleccións galegas. Nunha Convención Nacional celebrada en Teo (A Coruña) o 71% da afiliación decidiu en votación directa e en urna presentar unha candidatura propia ás vindeiras eleccións ao Parlamento de Galicia, fronte ao 29% dos afiliados e afiliadas que apoiaron a opción de sumarse a unha candidatura plural con En Marea.

Ao remate da Convención, o secretario xeral de Compromiso por Galicia, Xoán Bascuas, salientou "a calidade dos debates e dos argumentos expostos e o alto grao de participación da militancia" nesta votación.

Bascuas recoñeceu que "este é un proxecto que se constrúe con poucos recursos pero no que somos donos no noso destino e co centro de decisión en Galicia".

"Sabemos que hai xente que votaba PP ou Ciudadanos, pero

que agora desexa votar en clave galega; hai xente no PSOE que está cansa de votalos e agora ten unha opción socialdemócrata en Compromiso e xente que tradicionalmente votaba BNG e que a agora tamén ten unha alternativa galeguista en Compromiso, polo que se conseguimos explicar o noso proxecto estou seguro de que Compromiso dará moitísimo que falar nos vindeiros anos", asegurou o secretario xeral da formación galeguista.



Por último, Bascuas anunciou que para o mes de maio está prevista a convocatoria do Consello Político Nacional e nel presenta-

rase un regulamento de primarias para elixir o candidato/a de Compromiso á presidencia da Xunta de Galicia.

# Cumio Internacional sobre Medioambiente e Sostenibilidade Ambiental en Ponteareas

**Celebrarase os días 27 e 28 de maio, dirixido por Francisco Peña e presidido por Federico Mayor Zaragoza**

No ano 2014 a Corporación Municipal de Ponteareas, por unanimidade, tomou o acordo de nomear Fillo Predilecto de Ponteareas, ao Farmaceutico, nado na vila e fillo dunha familia moi coñecida, Francisco Peña Castiñeiras, doutor, académico e científico no eido do medio ambiente e sostenibilidade ambiental.

O cumprimento deste acordo vense postergando no tempo e foi agora, neste ano, cando o actual goberno decidiu facelo efectivo.

O interesado, como mostra de agradecemento, organizou un CUMIO INTERNACIONAL SOBRE MEDIOAMBIENTE E SAÚDE, no que van participar senlleiras figuras neste campo a nivel de todo o planeta.

Nun primeiro momento estaba previsto que o acto do nomeamento se celebrara o vindeiro día sete de maio. Sería o propio Francisco Peña quen lle prantexou ao goberno local o interese que tería, para a divulgación da Festa do Corpus Christi que o acto do nomeamento se fixera coincidir coas Festas do Corpus, pois el estaba organizando o Cumio de expertos que estarían presentes en Ponteareas un par de días.

Ninguén dubida que a presenza de personalidades de todo o mundo vai a ser un complemento impagable na divulgación das Festas do Corpus, constituindo un corpo de embaixadores polo mundo adiante moi difícil de conseguir no marco da di-

vulgación do Corpus para un concello como Ponteareas. Unha promoción gratuita que o goberno non debe deixar pasar por alto.

Foi así como finalmente acordaron as dúas partes que os días 27 e 28 de maio se celebre o devandito Cumio sobre medioambiente no que van estar presentes, cos seus correspondentes comunicados, personalidades de todo o mundo; dende Africa, América, Europa e, por suposto, España.

É de esperar que o goberno local aproveite a oportunidade para mostrarlle a todos estes científicos/as os lugares de interese de Ponteareas, do Condado e, por que non, doutros lugares de Galicia como poden ser Santiago, as Illas Cies, o monte Santa Trega, etc., na visita guiada que está prevista pola organización.

Neste mesma páxina ofrecemos aos nosos lectores unha relación dalgúns dos ponentes que disertarán o día 27 e 28 no devandito Cumio que será presidido polo exdirector xeral da UNESCO Dr. Federico Mayor Zaragoza.



## Francisco Peña

(Ponteareas, 1955), pioneiro e impulsor da saúde ambiental, ten acreditado un recoñecido prestixio a nivel internacional como un avanzado ambientalista pola súa plena dedicación durante 37 anos de intensa actividade á formación en saúde ambiental, da que foi precursor tanto no eido universitario como profesional. Ten no seu haber máis de 150 proxectos de formación, investigación e educación ambiental dirixidos, 73 libros publicados, 184 publicacións científicas e 73 artigos de divulgación, 9 premios de investigación científica e 33 distincións e galardóns, entre os que cabe destacar o recoñecemento da WHO/OMS pola súa valiosa aportación ao proxecto europeo "Healthy-Cities". Recentemente, invitado pola OMS/OPS, estivo en América para participar no III FORO REGIONAL DE SAÚDE URBANA DAS AMÉRICAS, que reuniu a 37 países latinoamericanos e o Caribe, donde Francisco Peña tivo un papel científico destacado, ademais de poñer en valor a Ponteareas e a Galicia.

Francisco Peña é diplomado en Sanidade pola Escuela Nacional de Sanidad (1983), especialista universitario en Toxicoloxía pola Universidad Complutense de Madrid (1990), doutor en Farmacia pola Universidade de Santiago de Compostela (1987) e académico correspondente da Real Academia de Medicina e Cirurxía de Galicia (1988).

**Prof. Dr. D. Federico Mayor Zaragoza**, Catedrático, científico, político, deputado, ministro, escritor. Exdirector xeral da UNESCO. Presidente da Fundación Cultura de Paz (Madrid-España).

**Dra. María Neira**, Directeur Department of Public Health, Environmental and Social Determinants of Health - World Health Organization (WHO/OMS).

**Prof. Dr. D. Eleuterio Martínez**, Catedrático da Universidad Autónoma de Santo Domingo, Pontificia Universidad Católica Madre y Maestra, Universidad Nordestana, Universidad del Caribe. Consultor e colaborador de varios organismos de NNUU. Asesor, consejero científico e colaborador permanente de varias dependencias oficiais do Congreso Nacional e o Poder executivo (Santo Domingo-República Dominicana).

**Dª Teresa Luis Moreira**, Ministério dos Recursos Minerais e Energía de Moçambique (Maputo-Moçambique).

**Dª Amelia Kamia Samuel**, Instituto de Desenvolvemento Florestal. Ministério da Agricultura e do Desenvolvemento Rural de Angola (Luanda-Angola).

**Prof. Dr. Carlos S. Pozos Zárate**, Universidad Autónoma do Estado de México. Delegado Federal da Procuraduría de Protección del Medio Ambiente (Estado de México-México).

Prof. Dr. D. Rogério Paulo Da Silva Nunes, Presidente da Sociedade Portuguesa de Saúde Ambiental (Lisboa-Portugal).

**Prof. Dr. D. Dominik Royé**, Experto en xeografía (Colonia-Alemania).

**Prof. Dr. D. José Ignacio Elorrieta Pérez de Diego**, Experto en saúde ambiental. Exdirector do Instituto de Salud Pública de Navarra. Exdirector xeral de Medio Ambiente do Goberno Foral de Navarra (Madrid-España).

**Dra. Dª Rosalía Fernández Patier**, Xefa do Área de Contaminación Atmosférica do Centro Nacional de Sanidad Ambiental do Instituto de Salud Carlos III do Ministerio de Economía y Competitividad. Experta en calidade do aire. Representante español nas Directivas Comunitarias de Calidade do Aire (Madrid-España).

**Prof. Dr. D. José Vicente Martí Boscà**, Expresidente da Sociedad Española de Sanidad Ambiental. Coordinador de Sanidad Ambiental da Dirección General de Salud Pública da Generalitat Valenciana. Universitat de Valencia (Valencia-España).

**Prof. Dr. D. Francisco Díaz-Fierros Viqueira**, Profesor emérito da Universidade de Santiago de Compostela. Vicepresidente do Consello da Cultura Galega (Santiago de Compostela-España).

**Prof. Dr. D. Aurelio Hernández Muñoz**, Catedrático emérito de Enxeñaría Sanitaria e Ambiental da Universidad Politécnica de Madrid (Madrid-España).

**Prof. Dr. D. José Manuel Pereira Vieira**, Catedrático da Universidade do Minho. Exvice-reitor da Universidade do Minho. Presidente da Federação Europeia das Associações Nacionais de Engenharia (Braga-Portugal).

**Profª Dª Susana Paixão**, Directora do Departamento de Saúde Ambiental da Escola Superior de Tecnoloxía da Saúde do Instituto Politécnico de Coimbra (Coimbra-Portugal).

**Dª Silvia Rueda Sánchez**, Técnica do Departamento de Enxeñaría de ENRESA (Madrid-España).

**Prof. Dr. D. Domingo Gómez Orea**, Catedrático de Medio Ambiente, Ordenación Territorial e Planificación do Desenvolvemento Sostible da Universidade Politécnica de Madrid (Madrid-España).

**Profª Dª Verónica Giberti**, Docente en la Facultad de Agronomía de la Universidad de Buenos Aires (Buenos Aires-Argentina).

**Prof. Dr. D. Francisco Javier Sanz Larruga**, Experto en Dereito Ambiental. Catedrático de Dereito Administrativo e director do Observatorio do Litoral da Universidade da Coruña. Profesor visitante na University of Berkeley (A Coruña-España).